

# ÍNDICE

Preámbulo

1.- Obxectivos xerais do I.E.S. de Guitiriz

1.1. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria

1.2. Obxectivos xerais da Formación Profesional Específica

1.3. Obxectivos xerais do Bacharelato

2.- Metodoloxía

2.1. Criterios de carácter xeral sobre metodoloxía na E.S.O.

2.2. Criterios de carácter xeral sobre metodoloxía na Formación Profesional Específica

2.3. Criterios de carácter xeral sobre metodoloxía no Bacharelato

2.4. Decisións sobre agrupamentos de alumnos

2.5. Decisións sobre organización de tempos e espazos

3.- Avaliación

3.1. Criterios de avaliación na E.S.O.

3.2. Criterios de avaliación na Formación Profesional específica

3.3. Criterios de avaliación no Bacharelato

3.4. Procedementos, instrumentos e calendario de avaliación

3.5. Modelos de informes e procedemento para a comunicación

4.- Promoción

4.1. Criterios de promoción na E.S.O.

4.2. Criterios de promoción nos Ciclos Formativos

4.3. Criterios de promoción no Bacharelato

5.- Plan de acción tutorial

6.- Plano de orientación académica e profesional

7.- Tratamento dos contidos transversais

8.- Criterios e procedementos para organiza-la atención á diversidade

8.1. Atención á diversidade

8.2. Materias optativas ofertadas e itinerarios educativos

8.3. Atención á diversidade nos Ciclos Formativos

9.- Criterios para avaliar e revisa-los procesos de ensino e a práctica docente

10.- Programacións didácticas dos departamentos

## PREÁMBULO

O Claustro de Profesores do I.E.S. de Guitiriz, de acordo coa concepción educativa exposta na LOXSE e a súa consideración do home, a educación e a sociedade, presenta este Proxecto Curricular de Centro co obxecto de que sirva para reflexionar sobre a súa función e identidade, tratando de acadar un mellor funcionamento e os obxectivos máis adiante expostos.

Estamos obrigados a pensar dunha maneira global e universal, pero á hora de actuar hai que facelo necesariamente a nivel local e particular. Por iso, ás veces, as grandes ideas non chegan a plasmarse nunca na práctica tal e como foron orixinariamente concebidas, non tanto pola súa bondade ou maldade intrínsecas como pola falla dunha programación axeitada, pegada ó terreo. E é que unha cousa é enunciar unha hipótese ou unha idea, e outra moi distinta é levala á práctica; entre ambos momentos, enunciar e aplicar, atópase o método, o cómo.

A nosa sociedade, a pesares das positivas transformacións en tódolos eidos padece aínda situacións de inxustiza, insolidariedade, desigualdade, quebras da convivencia social e mingúa de certos valores éticos; e esta sociedade, non sempre a máis favorable para un axeitado desenrolo dos alumno, é, nembargantes, na que eles viven e se han de formar como persoas responsables e solidarias.

De aí que o I.E.S. de Guitiriz, de acordo cos ámbitos culturais e educativos que lle son propios, constitúase como unha institución que, atenta ás necesidades e intereses sociais do seu entorno, contribúa, mediante a formación dos seus alumnos ó progreso e mellora do Concello e da Comarca á que estes pertencen; facendo que se interesen pola súa terra, coñecendo e sabendo

aprecia-la súa cultura, tradicións e valores, e implicándose nos problemas do contexto social e cultural no que viven.

O I.E.S. de Guitiriz Comprométese a educar ós seus alumnos/as nun exercicio responsable da súa liberdade, para que responsablemente elixan as súas propias opcións, actúen de acordo con elas e acepten e valoren as súas consecuencias; o que poderá guialos cara a súa madurez persoal, cara a consecución dun concepto positivo de si mesmos e cara á consideración dos valores humanos e da mesma vida. Todo isto na crenza de que á madurez chégase desde a propia autonomía, mediante o compromiso e esforzo persoais, e mediante a crítica e valoración do mundo que nos rodea.

O I..E.S de Guitiriz comprométese tamén a educar en e para a tolerancia, a solidariedade e a convivencia social, a paz e a igualdade; fomentando nos seus alumnos actitudes de diálogo, de respecto mutuo e de respecto para con tódolos pobos e culturas, facendo que coñezan e valoren dereitos e liberdades fundamentais presentes na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Constitución Española e Estatuto de Autonomía, e procurando que participen democraticamente na convivencia e relacións diarias.

A educación é unha tarefa conxunta e compartida por toda a comunidade educativa. Neste sentido, desde o I.E.S. DE Guitiriz impulsarase a participación, a cooperación e a corresponsabilidade de pais, profesores, alumnos e persoal non docente, co obxecto de que, de esa colaboración, se consigan os obxectivos propostos neste Proxecto Curricular.

# 1.- OBXECTIVOS XERAIS DO I.E.S. DE GUITIRIZ

O I.E.S. de Guitiriz é un centro financiado con fondos públicos, polo que o obxectivo primordial é a educación na liberdade, no pluralismo e na tolerancia e orientarémonos á consecución dos fins e acatamento dos principios establecidos na LODE, na LOXSE e na LOPAG, pretendendo:

1. Un centro que parta do coñecemento do medio físico e social máis próximo, a Comarca da Terra Chá, para analiza-lo criticamente co fin de promove-los cambios que contribúan a melloralo.
2. Un centro para todos, solidario e integrador, que non estableza diferencias por razón de sexo, raza, relixión, riqueza, etc., e que busque a máxima integración de todos na sociedade.
3. Un centro que acepte as diferencias individuais de carácter xenético ou social, e que sexa capaz de compensalas, dando máis ós que menos teñen para facer posible a igualdade de oportunidades.
4. Un centro participativo, democrático e pluralista, no que todos poidan intervir na consolidación dun proxecto educativo mediante un diálogo permanente.
5. Unha escola crítica e comprometida na defensa dos máis débiles, rexeitando a inxustiza, as desigualdades o deterioro do medio etc., e que fomente a amizade e o respecto.
6. Un centro activo, creativo que se fundamente na observación, na experimentación e na sistematización das experiencias dos alumnos/as dentro e fora do ámbito escolar, superando o ensino memorístico e repetitivo.
7. Un centro que fomente o traballo en equipo tanto de alumnos como de profesores.

As finalidades educativas deste centro con respecto ó alumnado son :

1. Axudarlles a que descubran, coñezan, desenrolen e melloren tanto as súas propias cualidades como as súas potencialidades físicas, psíquicas, intelectuais, afectivas, éticas e sociais; fomentando a súa creatividade mediante o traballo académico e as actividades extraescolares e culturais.
2. Capacitalos para que, responsable e libremente poidan tomar decisións persoais para que desenrolen e exerzan o seu sentido crítico.
3. Inculcarlles que actúen a favor do diálogo, a comprensión, a xustiza, a igualdade e a conservación da natureza.
4. Facer que consideren a importancia do esforzo, do traballo e do estudo para que, mediante as diversas áreas e disciplinas, vaian madurando como persoas formadas intelectualmente, e responsables ante os seus compromisos sociais.
5. Estimulalos a aprender a pensar, a pensar e a aprender a aprender. Todo iso, inmerso no seu propio contexto: persoal, familiar, da comunidade educativa á que pertencen e do seu entorno social máis próximo.
6. Fomentar que sexan capaces de face-la súa propia é autoavaliación e chegar a conformar esquemas persoais válidos que lles permitan afrontar no futuro situacións análogas.

Tomando como base os trazos e finalidades anteriormente descritos, fórmulanse os seguintes obxectivos:

1. Favorece-la convivencia entre alumnos/as de distintas etapas educativas con idades cronolóxicas moi dispares.
2. Desenrolala capacidade de autoestima fomentando a seguridade e confianza en si mesmos gracias a unha educación no respecto ás diferencias e na valoración positiva e enriquecedora da variedade.
3. Garanti-la escolarización nas mellores condicións posibles dos alumnos/as con necesidades educativas especiais.
4. Fomenta-la orixinalidade e creatividade dos alumnos/as.
5. Utiliza-la educación física mailo deporte como lecer e como medios para favorece-lo desenvolto persoal.
6. Coñecer e aprecia-lo noso patrimonio artístico, cultural e medioambiental contribuindo activamente á súa conservación e mellora.
7. Fomenta-lo respecto e coidado do entorno empezando polo propio Centro.
8. Favorece-lo diálogo mailo debate entre posturas dispares, estimulando en todo momento o exercicio da reflexión e análise.
9. Favorecer e promover tódalas actividades que incidan directamente na calidade do ensino.
10. Lograr que os pais se sintan partícipes na educación dos seus fillos.
11. Avaliar sistematicamente o funcionamento do Centro e emprega-los resultados para orientar futuras actuacións.
12. Facilitar que os alumnos creen e desenrolen as súas propias organizacións, asumindo responsabilidades nas tarefas colectivas.
13. Erradica-lo dogmatismo e as posturas intolerantes.

14. Proporcionarlles ós alumnos/as un ensino e uns criterios de valoración que lles permitan vivir no mundo de hoxe e adaptarse ó mundo futuro.
15. Garanti-la formación necesaria ó alumno/a, que o capacite para o desempeño cualificado dun traballo, proporcionándolle ó mesmo tempo unha formación polivalente que permita a súa adaptación ós cambios que poidan producirse ó longo da súa vida laboral.
16. Impulsa-la participación activa de tódolos compoñentes da Comunidade Educativa na xestión democrática e transparente do Centro.
17. Asumi-lo papel de centro de referencia para a formación profesional dos traballadores nunha ampla zona, que abarca o Concello de Guitiriz e a súa comarca.

## 1.1 OBXECTIVOS XERAIS DA E.S.O

1. Ler, comprender e comunicarse oralmente e por escrito en galego e castelán, con fluidez e corrección. Perseguirase a competencia lingüística en galego e en castelán ó mesmo nivel, rexeitando as interferencias, e buscando sempre o bilingüismo.
2. Comprender e producir mensaxes orais e escritas nas linguas estranxeiras, partindo de situacións semellantes ás das linguas maternas, par respectar e valorar outras realidades culturais enriquecéndose co seu coñecemento.
3. Interpretar e producir mensaxes con diversas intencións comunicativas.
4. Obter e seleccionar criticamente información a partir dos diversos medios onde se atopa dispoñible: periódicos, libros, laboratorios,... utilizando os medios axeitados a cada situación particular.
5. Elaborar estratexias de identificación e resolución de problemas de diversos tipos, mediante a intuición e a lóxica, e reflexionando sobre o proceso seguido.
6. Desenvolve-la autoestima para formar unha imaxe axeitada de si mesmo, das súas características e das súas dispoñibilidades, e desenvolver actividades de formación autónoma e equilibrada, valorando o esforzo realizado.
7. Aprender a relacionarse con outras persoas e a traballar en actividades de grupo dun xeito solidario e tolerante, rexeitando calquera actitude discriminatoria.
8. Adoptar unha actitude crítica respecto do coñecemento da sociedade:
  - aceptar a necesidade de que tódalas sociedades se rexan por unhas normas, manifestando unha actitude crítica e constructiva
  - manifestar unha actuación de cumprimento dos deberes e facer uso dos dereitos.

9. Coñece-las crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio cultural, valoralos criticamente e elixir aquelas opcións que mellor favorezan o seu desenvolvemento integral como persoas.
10. Analiza-los mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, especialmente o circundante, valora-las repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora como elemento determinante da calidade de vida.
11. Coñecer e valora-lo desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no seu medio físico e social.
12. Coñecer e aprecia-lo patrimonio cultural e contribuír activamente á súa conservación e mellora, entende-la diversidade cultural e lingüística como un dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade, e desenvolver unha actitude de interese e respecto de cara ó exercicio deste dereito.
13. Coñecer e comprende-los aspectos básicos do funcionamento do propio corpo e das consecuencias para a saúde individual e colectiva dos actos e decisións persoais, e valora-los beneficios que supoñen os hábitos de exercicio físico, da hixiene e dunha alimentación equilibrada, así como o de levar unha vida samurais.

## **1.2 OBXECTIVOS XERAIS DA FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA**

- **CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN  
E FINANZAS**
  
  - **CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO DE XESTIÓN  
ADMINISTRATIVA**
1. Identifica-la natureza, funcións e principais características da empresa segundo tamaño, actividade económica e forma xurídica, con especial incidencia nos sectores productivos e empresas tipo do concello de Guitiriz e limítrofes.
  2. Analiza-lo funcionamento global de empresas, tanto no ámbito público como privado, a partir da función específica de cada unha das súas áreas de actividade, as súas relacións internas e da súa dependencia externa, con especial incidencia nos sectores productivos e empresas tipo do concello de Guitiriz e limítrofes.
  3. Obter, seleccionar e interpretar información e tratala de maneira autónoma, utilizando os medios axeitados a cada situación particular.

4. Analiza-los datos esenciais de cálculo mercantil necesarias para confeccionar, formalizar e rexistra-la información procedente da xestión administrativa comercial, bancaria, de persoal ou doutro tipo.
5. Utilizar con axilidade e destreza máquinas eléctricas-electrónicas e ordenadores na elaboración, copia e formalización de documentación.
6. Transmitir e comunicar información de forma organizada, clara e precisa, seleccionando o formato ou documento e equipo de oficina ou informático máis axeitado en función do contido, o receptor, o idioma, empresa ou organismo público ou privado.
7. Identifica-la composición básica dun sistema informático monousuario tipo PC, as funcións e características básicas dun sistema operativo monousuario e de aplicacións informáticas de xestión a nivel de usuario.
8. Seleccionar, recuperar, transformar, analizar, transmitir, crear e presentar información manexando con axilidade e destreza medios e equipos informáticos de oficina.
9. Aplicar procedementos de seguridade, protección, confidencialidade e conservación da documentación e información nos medios e equipos de oficina e informáticos máis comúns para garanti-la integridade, o uso, acceso e consulta deles.
10. Valora-la incidencia das novas tecnoloxías de comunicación e transmisión de información nos procesos administrativos e de xestión na empresa.
11. Desenvolve-la iniciativa, o sentido da responsabilidade, a identidade e madurez profesional que permitan mellora-la calidade do traballo e motivar para o perfeccionamento profesional.
12. Valora-la importancia da comunicación profesional, así como as normas e procedementos de organización nas relacións laborais tanto de carácter formal como informal, e a súa repercusión na actividade e imaxe da empresa ou organismo

13. Identificar e utilizar fontes de información e formación relacionadas co exercicio da profesión que posibiliten o coñecemento e a inserción laboral na xestión administrativa de calquera empresa no ámbito público e privado, e a evolución e adaptación das capacidades profesionais propias ós cambios tecnolóxicos e organizativos que se producirán ó longo da súa vida activa.
14. Interpreta-lo marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona a xestión administrativa na empresa ou organismo, identificando os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais.
15. Sensibilizarse sobre as condicións ambientais e de saúde de que deben dispoñer nunha oficina ou despacho e os diferentes equipos e sistemas.
16. Responsabilizarse do manexo e conservación do material ofimático.

## 1.3 OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

O Bacharelato é unha etapa educativa de carácter propedéutico e terminal que forma parte da Educación Secundaria postobligatoria e que ten como finalidade proporcionarlles ós alumnos e alumnas unha madurez intelectual e humana, os coñecementos e habilidades que lles permitan desempeña-las súas funcións sociais con responsabilidade e competencia, así como orientación e preparación para seguir estudos superiores, tanto universitarios como de formación profesional de grao superior.

Os obxectivos xerais do currículo de Bacharelato están establecidos na *LOXSE, capítulo terceiro, sección segunda, e no Decreto 275/94, do 29 de xullo (DOG do 31 de agosto)*. Están enunciados como capacidades que os alumnos e as alumnas deben acadar ó finalizar esta etapa:

- a) Domina-la lingua galega e a castelá.
- b) Expresarse con fluidez e corrección nunha lingua extranxeira.
- c) Analizar e valorar críticamente as realidades do mundo contemporáneo e os antecedentes e factores que inflúen nel.
- d) Comprende-los elementos fundamentais da investigación e do método científico.
- e) Consolidar unha madurez persoal, social e moral que lles permita actuar de forma responsable e autónoma.
- f) Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.
- g) Domina-los coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e as habilidades básicas propias da modalidade escollida.

h) Desenvolve-la sensibilidade artística e literaria como fonte de formación e enriquecemento cultural.

i) Utiliza-la educación física e o deporte para favorece-lo desenvolvemento persoal.

As materias comúns deben proporcionarlle ó alumnado unha formación xeral, mentras que as materias propias de modalidade e as materias optativas dotaranos dunha formación máis especializada, preparándoos e orientándoos cara a estudos posteriores ou cara á actividade profesional.

## **2.- METODOLOXÍA**

### **2.1 CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE METODOLOXÍA NA E.S.O.**

Coa elaboración duns criterios **metodolóxicos xerais** para a etapa educativa non se pretende que se produza unha uniformidade nos métodos de ensinanza; isto non só é unha meta inalcanzable senón que ademais considerámolo pouco conveniente para garantir axeitadamente os procesos de ensino-aprendizaxe.

De xeito xeneralizado admítese con frecuencia que a diversidade metodolóxica está xustificada desde unha triple perspectiva:

- Desde as características do currículo que vai a ser aprendido. Efectivamente, o desenvolvemento de distintos obxectivos e contidos require con frecuencia a combinación de diferentes formas de ensinanza.
- Desde a perspectiva da diversidade dos alumnos e alumnas, que configuran cada grupo-clase. A propia diversificación metodolóxica é unha das formas de atender á diversidade.
- Desde a perspectiva do profesor/a. As características persoais de cada profesor e as formas de relación entre o profesor/a e cada grupo-clase inflúen na elección dos métodos e na práctica do ensino.

Non obstante, constatando a necesidade de respecto á diversidade dos tratamentos metodolóxicos, consideramos que é moi necesaria unha análise colectiva das metodoloxías a empregar de xeito que se garanta a adecuación da metodoloxía ós obxectivos e contidos educativos, e se eviten enfoques que poidan resultar contradictorios levando a confusión ós alumnos/as.

En todo caso, a administración educativa proporciona unhas orientacións metodolóxicas onde se recollen os principios psicopedagóxicos a ter en conta á hora de establecer unha metodoloxía concreta para cada área.

No ámbito da metodoloxía e as decisións sobre como ensinar, hai que destacar tres aspectos a desenvolver e explicitar:

1. Os criterios sobre a acción educativa e a ensinanza-aprendizaxe.
2. Os criterios sobre a organización espacio temporal.
3. Os criterios de selección de materiais curriculares e outros recursos didácticos.

### **Criterios sobre a acción educativa e a ensinanza-aprendizaxe**

En este apartado tratarémo-las orientacións xerais básicas que deben presidir-las actuacións do profesorado cos alumnos: a forma de presenta-las propostas de traballo, a forma de organiza-la comunicación na clase, a forma de establecer normas, a organización dos recursos, a planificación, selección e programación de actividades, etc...

A administración educativa explícita uns principios básicos que deben inspira-la intervención na aula. Estes principios consideramos que son aplicables por todo o centro e todo o profesorado

en toda a etapa educativa e deben impregnar calquera decisión no referente ó ámbito da metodoloxía didáctica. Estes principios son:

a) **A necesidade de partir do nivel de desenvolvemento e das capacidades actuais e dos coñecementos dos alumnos/as.** Deste xeito as actividades educativas situaranse entre o que xa saben facer e o que son capaces de facer coa axuda do profesor. As actividades demasiado fáciles desmotivan e as inalcanzables contribúen á perda da autoestima.

Neste sentido o profesorado deberá facer *avaliacións iniciais* ó comezo do curso e, se é necesario, ó comezo dalgunhas unidades didácticas. Ademais tratarase o erro coma fonte da aprendizaxe.

b) **A intervención educativa estará orientada á construción de aprendizaxes significativas.**

O alumno/a non será un receptor pasivo de coñecementos; tratarase de que observe, reflexione, realice, participe... reflexionando e elaborando conclusións con respecto ó traballo que estea a realizar.

Este tipo de aprendizaxe implica dar prioridade á comprensión sobre a aprendizaxe mecánica. Apostar por unha aprendizaxe significativa supón dedicar tempo ós procedementos adecuados para que os alumnos cheguen a asimilalos contidos traballados. En moitos casos isto enténdese como “ir máis lentos”, pero intentar correr supón, na maioría dos casos aprendizaxes pouco útiles e incluso deformacións.

A aprendizaxe significativa implica que debemos atender ás capacidades de cada alumno/a evitando abordar aquelas cuestións que queden por riba do seu nivel. Os profesores reforzarán para isto os aspectos prácticos da súa área.

Os alumnos/as deben aprender a aprender de forma autónoma. Deben organizarse eles mesmos e aplica-los coñecementos adquiridos para utilizalos como novos instrumentos de aprendizaxe.

- c) **Intentarase atender a cada alumno/a da forma máis personalizada e individualizada posible** tendo en conta o seu nivel de coñecementos, capacidades, motivación, intereses, progresos...

Cando se considere necesario faranse reforzos educativos, diversificacións curriculares ou adaptacións curriculares modificando: material escolar, actividades, método, grupos de traballo, tempo e orde dos contidos; e flexibilizando, se é o caso os criterios de avaliación, aplicándoos de xeito individualizado. Este criterio obriga a trata-los asuntos de atención á diversidade e de opcionalidade no 2º ciclo da E.S.O.

- d) **Favorecerase a autoestima** reforzando os seus aspectos positivos e evitando situacións comparativas e competitivas e calquera comportamento discriminatorio.
- e) **Funcionalidade** das aprendizaxes que supoñan e evidencien a aplicación práctica do coñecemento adquirido na vida cotiá, o desenvolvemento de habilidades e estratexias para planificar novas aprendizaxes, a vinculación da escola co mundo laboral.
- f) **Interrelación entre os distintos contidos** tanto da mesma área como de distintas áreas. Para o desenvolvemento deste criterio é necesaria a coordinación permanente entre os distintos departamentos.

- g) **Traballo cooperativo** de maneira que os profesores utilizarán as actividades en grupo como método de aprendizaxe, xa que desta maneira prodúcese unha interacción entre os alumnos/as. A composición dos grupos establecerase en cada momento.
- h) **Esperta-lo interese polo obxecto de estudio** mediante actividades motivadoras, suxerentes que supoñan un certo desafío e a necesidade de reflexión, para isto procuraremos partir de experiencias propias, procurando esperta-la curiosidade e estimulando a resolución dos problemas. A variación no tipo de actividades programadas facilita moito este aspecto.
- i) **Avaliación permanente da nosa práctica metodolóxica** evitando modelos pechados e estáticos.

## **2.2 CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE METODOLOXÍA NA FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA**

Tratarase de forma globalizada os contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos asociados ás ensinanzas. Integrará a teoría e a práctica promovendo no alumnado unha visión global e coordinada dos procesos productivos nos que deberá intervir como profesional.

Deberanse ter en conta os cambios nos factores tecnolóxicos, organizativos e económicos.

Utilizaranse de xeito xeneralizado as aplicacións informáticas.

Buscaranse os perfís sempre máis polivalentes e multidisciplinares. Atenderase tamén ás funcións comerciais e ó servizo de atención ó cliente.

Tratarase de aplica-las técnicas máis específicas nas funcións comerciais e de trato personalizado.

A labor do equipo docente estará encamiñada a proporciona-las oportunidades que lle permitan ó alumno/a poñer en práctica os novos coñecementos adquiridos, de xeito que poidan comproba-lo interese maila utilidade do aprendido, consolidando así as aprendizaxes, é dicir, o profesor fará un guía para o alumno/a que será o verdadeiro membro activo das clases.

Propiciarase nas actividades a reflexión persoal do traballo realizado e a elaboración de conclusións, a xeito de informe, con respecto ó aprendido.

Garantirase en todo momento a funcionalidade das aprendizaxes, asegurando que poidan ser empregadas nas circunstancias reais que o alumno necesite cando se incorpore ó campo laboral. Entendemos que esta aprendizaxe funcional se refire, non só á posta en práctica dos

coñecementos, senón tamén ó desenrolo de habilidades e estratexias de planificación e regulación da propia actividade de aprendizaxe, é dicir, aprender a aprender.

En definitiva, conseguir que os alumnos/as sexan quen de adaptarse ás novas situacións que a sociedade cambiante lles esixa, actualizándose, poñéndose ó día en nova lexislación ou consultando bibliografía axeitada.

Educar para o traballo implica transmitir coñecementos en continua progresión. O centro educativo non pode ser alleo á dinámica social e económica do seu entorno; polo tanto a eficacia esixe a actualización constante dos contidos que son obxecto da aprendizaxe.

Traballar eficazmente require un método, e este é froito das estratexias persoais que cada un crea e dos hábitos que desenrola ó poñelas en práctica. Formular estas estratexias e orientala adquisición destes hábitos, resulta dunha importancia capital.

A formación exclusivamente intelectual non esgota a formación profesional. Educar para o traballo é, polo tanto, para a vida, require personalizar actitudes e asimilar valores.

É evidente que as novas tecnoloxías informáticas propician novas estratexias para a posta en práctica dos contidos adquiridos nas aulas. A utilización dos medios informáticos para a xestión de empresas ha de ser tratada como unha ferramenta para o proceso e execución de tarefas rutineira, e, ó mesmo tempo, para o estudio dunha nova metodoloxía docente baseada máis na experimentación que na deducción clásica.

Débase instrumentar, en forma de simulación, prácticas de casos supostos ou reais non para a súa resolución rutineiramente e conceptual, senón proxectando os coñecementos adquiridos empregando medios materiais axeitados, e na medida do posible reais. Nestes casos prácticos debemos referirnos ás operacións empresariais máis usuais, derivadas das ramas da actividade económica que, pola súa importancia global, dan lugar a unha maior necesidade de

emprego na comarca. Na medida do posible, intentaranse formular supostos reais orixinados na experiencia profesional do profesor.

Os traballos prácticos serán realizados en grupos estables de aproximadamente tres alumnos. Buscarase a autonomía total respecto ó manexo de bibliografía e lexislación, coa única limitación do guión previamente establecido. Serán defendidos ante o resto dos compañeiros por calquera membro do grupo, sendo a misión dos oíntes a de aportar suxestións ou aspectos por eles tratados e que non aparezan no traballo defendido, intentando crear un clima de debate.

## 2.3 CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE METODOLOXÍA NO BACHARELATO

Entendemos a metodoloxía como o conxunto de criterios e decisións que intentan responder de forma explícita, ó cómo ensinar, e de forma implícita, ó cómo aprender. En consecuencia sobra dicir que non podemos diseñar metodoloxías si non é en conexión co resto dos elementos curriculares e coas características concretas dos alumnos/as.

O artigo 4 do título preliminar da Lei orgánica 1/1990 considera os métodos pedagóxicos como un dos elementos constitutivos do currículo. Os alumnos e as alumnas que se incorporan ó bacharelato están en posesión dun certo grao de desenvolvemento do pensamento abstracto formal, que deberán ir consolidando ó longo da etapa. En consonancia con este tipo de pensamento e capacidade do alumnado cobran unha gran relevancia os elementos metodolóxicos e epistemolóxicos en cada unha das materias. Pero este enfoque disciplinar debe sintonizar cunha metodoloxía didáctica que favoreza a capacidade do alumno/a para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación. De igual modo a metodoloxía subliñará a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas na sociedade.

Entendemos que en bacharelato a metodoloxía didáctica idónea nunha determinada materia non ten por qué selo para outras, nembargantes si podemos definir algúns aspectos comúns ou **principios metodolóxicos xerais**:

1.- **Favorecedora do aprendizaxe significativo**, é dicir, que parta dos intereses e coñecementos previos dos alumnos/as. Entendemos por aprendizaxe significativo aquel que promove a

conexión dos novos aprendizaxes cos que xa posúe previamente o alumno/a. Neste punto terá moita importancia a avaliación inicial.

A actividade didáctica estará encamiñada á construción de aprendizaxes significativos que permitan ó alumno/a, coa axuda do profesor/a, establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas e os novos contidos.

**2.- Orientada hacia a práctica:** o alumno/a debe dispoñer de oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.

**3.-Activa:** é importante que a base metodolóxica do proceso de ensinanza-aprendizaxe tome como referente “aprender a aprender”. Procurarase desenvolver no alumno/a habilidades e estratexias de planificación e regulación da propia actividade de aprendizaxe, para adquirir pouco a pouco a autonomía que requirirán os estudos posteriores.

En relación con este principio metodolóxico considérase importante practicar o aprendizaxe interactivo, básico para a construción do coñecemento, fomentando a participación dos alumnos/as nas tarefas da aula.

**4.-Que favoreza a interdisciplinidade:** é importante que o alumno/a aprenda a relacionar entre sí os coñecementos que adquire en cada materia, de tal forma que aprenda a establecer conexións entre os distintos aspectos dunha mesma realidade e a aplicar axeitadamente os coñecementos adquiridos nas áreas instrumentais ó conxunto das ciencias.

**5.- Que atenda á diversidade dos alumnos/as nun dobre sentido:**

- a) Procurando, na medida do posible adaptarse ós distintos ritmos e formas de aprendizaxe.
- b) Respetando as distintas opcións ideolóxicas e culturais dos alumnos/as dentro da necesaria tolerancia que debe rexir o proceso educativo.

Estos principios metodolóxicos xerais adaptaranse e concretaranse nos Proxectos Curriculares de cada materia e nas Programacións Anuais de cada Departamento. Trátase en definitiva, de diversificar técnicas e recursos en consonancia co principio de non existencia dunha metodoloxía única e perfecta, e da necesidade de alternar distintas técnicas e instrumentos para adaptarnos ás distintas circunstancias que se dan na aula.

## 2.3 DECISIONS SOBRE AGRUPAMENTOS DE ALUMNOS

Para o agrupamento dos alumnos teranse en conta os seguintes principios:

- Posibilidades e recursos, materiais e humanos do Centro.
- Flexibilización nos criterios para efectuar adecuación puntuais.
- Natureza da materia ou actividade.

Tendo en conta os principios anteriormente enumerados seguiranse os seguintes criterios de agrupamento:

- Elección do primeiro idioma.
- Elección de itinerarios e optativas.
- Os alumnos con necesidades educativas especiais distribuiranse dentro dos diferentes grupos atendendo sempre ás dispoñibilidades do Centro.
- Os alumnos repetidores repartiranse do xeito máis equitativo posible.
- Cando se incorporen a un mesmo curso alumnos/as procedentes de distintos centros, tratarase de manter semellante proporción na formación de grupos que a que represente o centro de procedencia sobre o total de alumnos/as de novo ingreso, tendo en todo momento en conta os criterios anteriores.
- No tránsito dun curso a outro, poderase realizar unha nova redistribución.

## **2.4 DECISIONS SOBRE ORGANIZACIÓN DE TEMPOS, ESPACIOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS**

Con frecuencia, compróbase que, lamentablemente, os espacios, os tempos e os materiais explican o proceso educativo que en realidade se está levando a cabo nun Centro en maior medida que as intencións educativas que os docentes se tiñan proposto.

É ben certo que os centros parten dunhas determinadas condicións que, en moitos casos, non está nas mans do profesorado modificar. Pero non o é menos que, dentro destas marxes reais, queda suficiente xogo para poder tomar decisións de gran relevancia. É frecuente observar como en dous centros de características similares se concretan prácticas educativas diferentes que se deben, entre outras cousas, a determinadas organizacións espacio temporais e de materiais.

Sen ánimo de exhaustividade, propóñense a continuación algunhas das eleccións que poden resultar máis importantes dentro desta análise:

### CON RESPECTO A ESPACIOS

1. Cada grupo de alumnos/as ten un aula de referencia onde se imparten unha boa parte das materias ou áreas.
2. Os laboratorios e aulas específicas onde se imparten esas áreas ou materias específicas réxense polas normas de utilización que determine o xefe de departamento.

A relación das aulas específicas necesarias aprobadas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica son:

- Aula para o Obradoiro de Comunicación Oral.
- Aula de Idiomas.

- Aula de Educación Plástica e Visual, equipada coa instalación física necesaria: aula, estantes....
  - Aula de Informática.
  - Dúas aulas de Audiovisuais.
  - Aula de Música.
  - Aula de Tecnoloxía.
  - Aula para proxeccións de Arte.
  - Tentarase dotar ós laboratorios de aulas adxacentes para as explicacións teóricas.
3. O Salón de Actos e a Sala de Audiovisuais, reservaranse polo profesor para sesións concretas.
4. A Biblioteca permanecerá aberta durante todo o horario lectivo.

#### CON RESPECTO ÓS TEMPOS

1. Adóptase o modelo de xornada continuada.
2. As sesións serán de 50 minutos, agás nos Ciclos Formativos que poderán ser de 60 minutos.
3. Na medida do posible áreas ou materias con 2 ou 3 sesións semanais non poderán impartirse tódolos días consecutivos.
4. A sesión de atención a pais en ningún caso poderá ser nin a primeira nin a última do horario lectivo do Centro
5. No 1º ciclo da E.S.O. a Tecnoloxía distribúese en dous períodos semanais en 1º curso e outros dous en 2º curso.
6. As ensinanzas da área de Ciencias da Natureza organizaranse tento en 3º como en 4º curso en dúas materias diferentes, “Física e Química “ e “Bioloxía e Xeoloxía”. A avaliación das

aprendizaxes nestas materias realizarase de xeito independente. Así mesmo, no 4º curso cada unha delas contará como unha área para efectos de elección

7. A área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia organizarase en 4º curso da E.S.O. en dúas materias diferentes, Xeografía e Historia e Ética. A avaliación das aprendizaxes nestas materias realizarase de xeito independente. O Departamento de Filosofía farase cargo da Ética.

### CON RESPECTO ÓS MATERIAIS DIDÁCTICOS

Os materiais didácticos selecciónanse de acordo cos seguintes criterios:

1. Adecuación ó contexto educativo do Centro e correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto Curricular.
2. Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos, presenza dos diferentes tipos de contidos e inclusión dos temas transversais.
3. Adecuación ós criterios de avaliación do Centro.
4. Claridade e amenidade gráfica e expresiva.

### **3.- AVALIACIÓN**

Avaliación é o proceso que permite a obtención da información, a súa interpretación e a emisión de xuízos que se utilizarán para tomar decisións que melloren o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O proceso avaliador estará incardinado na actividade diaria da aula e as valoracións que se realicen terán fundamentalmente un carácter cualitativo. Avaliaranse tanto o progreso dos alumnos/as nas súas aprendizaxes como os procesos.

A avaliación, polo tanto, será individualizada, cualitativa, orientadora, integradora e continua. O feito de ser continua implica que debe existir unha avaliación inicial, outra formativa e por último unha sumativa.

Será realizada polo equipo de profesores do respectivo grupo de alumnos/as, coordinados polo profesor titor e actuando de maneira colexiada ó longo do proceso. É prescriptivo, cando proceda, cubri-los documentos que se aportan como modelos no punto 3.4. deste Proxecto Curricular.

### **3.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN NA E.S.O.**

Os seguintes criterios de avaliación pretenden ofrecer modelos concretos para avalia-los obxectivos xerais da E.S.O. establecidos neste Proxecto.

1. Sintetizar oralmente o senso global de textos escritos e mensaxes orais en galego e castelán.
2. Redactar textos sinxelos en lingua estranxeira.
3. Organizar e saber utilizar materiais seleccionados previamente de diversos medios.
4. Aplica-lo método científico á resolución de problemas.
5. Verifica-la capacidade de participación dentro dun equipo.
6. Comproba-la capacidade de interrelacionar distintas áreas de coñecemento.
7. Conservación correcta do material escolar e do resto de instalacións.
8. Actitude de permanente aprendizaxe.

## **3.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN NOS CICLOS FORMATIVOS**

No proceso para acadar as capacidades terminais requiridas para obter os títulos de técnico, valorárase fundamentalmente:

1. Habilidades de busca, asimilación e retención da información.
2. Habilidades organizativas de programación do tempo e recursos, establecendo prioridades.
3. Capacidades xerais básicas de análise, síntese, avaliación e toma de decisións.
4. Capacidade de redacción de informes.
5. Capacidade de relación social.
6. Identificación de problemas e comprensión dos termos en que se plantexan.
7. Valoración de estratexias de resolución.
8. Organización interna de equipos de traballo.
9. A habilidade coas tecnoloxías da información.

### 3.3.CRITERIOS DE AVALIACIÓN NO BACHARELATO

A avaliación ten unha finalidade valorativa e investigadora e por elo debe e pode servir para o cambio educativo, para a mellora do proceso educativo, e para o desenvolvemento profesional docente. **Coa avaliación:**

**\*O profesor**, pode comprobar a eficacia da súa acción didáctica, orientar as súas decisións curriculares, definir os problemas educativos, acometer situacións concretas, e en definitiva, adaptar e contextualizar o curriculum a nosa comunidade educativa.

**\*O alumno/a**, pode obter información de cómo se está desenvolvendo o seu proceso de aprendizaxe.

**\*Ambos** poden determinar ata que punto se desenvolveron as intencións educativas expresadas no proxecto curricular de centro e nas respectivas programacións

#### **CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN :**

*\* Decreto 275/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. do 31 de agosto. Modificado e completado polo Decreto 235/1995, do 29 de xullo, D.O.G. do 10 de agosto).*

*\* Orde do 1 de marzo de 1995 pola que se regula a avaliación e a cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan o Bacharelato establecido na Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (D.O.G. do 9 de maio).*

**1.-** A avaliación das ensinanzas do Bacharelato realizarase tendo en conta os obxectivos educativos, así como os criterios de avaliación establecidos no currículo.

**2.-** A avaliación será realizada polo conxunto de profesores/as do respectivo grupo de alumnos/as, coordinados polo profesor/a titor/a. Estes profesores actuarán de maneira coordinada no proceso de avaliación e na adopción das decisións resultantes de dito proceso.

- 3.-** Na avaliación das aprendizaxes dos alumnos/as, que se realizará por materias, os profesores/as considerarán o conxunto das materias do correspondente curso, así como a madurez académica dos alumnos/as en relación cos obxectivos do Bacharelato e as súas posibilidades de progreso en estudos posteriores.
- 4.-** Os profesores/as avaliarán tanto as aprendizaxes dos alumnos e alumnas como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. Igualmente avaliarán o proxecto curricular que se estea desenvolvendo e, se é o caso poderán a súa modificación.
- 5.-** A avaliación da ensinanza de relixión católica realizarase, de acordó coa normativa vixente, do mesmo xeito cá das demais áreas do currículo, e faranse constar no expediente académico dos alumnos/as as cualificacións obtidas.
- 6.-** Co fin da garantir-lo principio de igualdade e a libre concurrencia entre tódolos alumnos/as, as cualificacións obtidas na avaliación das ensinanzas de relixión non se computarán na obtención da nota media para efectos de acceso á universidade nin nas convocatorias para a obtención de bolsas e axudas ó estudio que realicen as administracións públicas cando haxa que acudir á nota media do expediente académico para unha selección entre os solicitantes.
- 7.-** As actividades de estudio non serán obxecto de avaliación e non quedará constancia delas no expediente académico dos alumnos/as.
- 8.-** Os resultados da avaliación expresaranse en cifras, utilizando a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, considerándose positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco puntos e negativas as inferiores a cinco.
- 9.-** A avaliación dos alumnos e alumnas será continua ó longo de todo o proceso de aprendizaxe. Realizaranse un mínimo de tres sesións de avaliación por curso, coincidindo a última coa avaliación final que valorará os resultados acadados polos alumnos e alumnas.

**10.-**Nas sesións de avaliación utilizarase como instrumento básico as informacións e cualificacións que, sobre cada alumno/a e sobre o grupo, aporten os profesores /as das distintas disciplinas.

**11.-** O profesor titor presidirá e levantará acta do desenvolvemento das sesións de avaliación e cualificación, na que se fará consta-los acordos acadados e as decisións adoptadas. Esta acta aprobarase na mesma sesión e será asinada polo profesor/a titor/a e polos profesores presentes.

**12.-** O titor informará por escrito os pais , nais ou titores legais así como ós alumnos sobre o seu aproveitamento académico e sobre a evolución do proceso educativo cando as circunstancias o aconsellen e, polo menos, despois de cada sesión de avaliación.

**13.-** As cualificacións outorgadas reflectiranse nos rexistros parciais de avaliación e cualificación, agás a cualificación final que se consignará na acta final.

**14.-**O proceso de avaliación continua dos alumnos/as require a súa asistencia regular as clases e actividades programadas para as distintas materias do currículo.

**15.-** Rematado o período lectivo, na última sesión de avaliación e cualificación, o profesorado emitirá a cualificación final despois de face-la valoración das aprendizaxes específicas das distintas disciplinas e da madurez académica acadada polos alumnos e polas alumnas en relación cos obxectivos do Bacharelato.

**16.-** Na cualificación final do segundo curso, o profesorado terá en conta, ademáis dos elementos mencionados no apartado anterior, as posibilidades dos alumnos e das alumnas para proseguir estudos posteriores.

**17.-** Os alumnos e alumnas que non superaron tódalas materias na avaliación final ordinaria, realizarán as probas extraordinarias, que se celebrarán no mes de setembro, das disciplinas nas que non obtiveron cualificación positiva.

**18.-** Os alumnos e alumnas que non se presenten as probas da devandita convocatoria extraordinaria faráselles constar esta circunstancia nos documentos de avaliación coa expresión de "non presentado/a" (NP).

**19.-** A avaliación final dos alumnos e das alumnas naquelas materias que se imparten con idéntica denominación en ámbolos dous cursos estará supeditada á cualificación positiva da materia cursada no primeiro curso. Nos documentos de avaliación farase constar esta circunstancia co termo de "pendente" (P).

Procederáse igualmente na avaliación das disciplinas con contidos total ou parcialmente progresivos, a saber: física ou química de segundo en relación a física e química de primeiro e bioloxía ou xeoloxía de segundo respecto a bioloxía e xeoloxía de primeiro.

**20.-** A cualificación positiva que, se é o caso, obtería o alumno ou alumna na materia ou materias que, por estaren condicionadas á superación daquelas do primeiro curso que teñan idéntica denominación, non poden ser avaliadas en segundo curso, será outorgada na sesión de avaliación extraordinaria do mes de setembro se desaparece a causa que o imposibilita.

**21.-** Coa finalidade de garanti-lo dereito dos alumnos/as a que o seu rendemento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos, o centro dará a coñece-los obxectivos, contidos e criterios de avaliación establecidos nas programacións das diferentes materias como requisitos mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva.

### **3.3. PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CALENDARIO DE AVALIACIÓNS**

Os procedementos para obter información no proceso de avaliación han de ser variados e poden incluír, entre outras, as seguintes técnicas: observación, interrogación directa, análises de tarefas (as propias produccions cotiás dos alumnos/as ou traballos de clase), as probas específicas nas súas diversas modalidades. A selección dos instrumentos ha de estar en función de cada tipo de contido e de cada situación de aprendizaxe. Así escolleremos diferentes probas escritas para os contidos conceptuais mentres que para os procedementos preferiranse a observación sistemática e a análise de tarefas e diversas produccions dos alumnos/as; para os contidos aptitudinais será preferible utiliza-la observación entre outras técnicas.

Parécenos imprescindible introducir técnicas de autoavaliación e coavaliación para facer partícipe ó alumnado no proceso avaliador e polo tanto na súa responsabilidade no mesmo.

Como norma xeral as sesións de avaliación ordinarias serán 3 durante o curso. O criterio para fixa-las datas atenderá fundamentalmente a que sexa equilibrado o número de días lectivos que lle corresponda a cada unha, independentemente da súa proximidade ós períodos non lectivos de Nadal e Semana Santa.

### **3.4.-MODELOS DE INFORMES E PROCEDIMENTOS PARA A COMUNICACIÓN**

INFORMES DE SESIÓN ORDINARIA DE AVALIACIÓN (DOCUMENTO 1)

INFORMES INDIVIDUALIZADOS DE AVALIACIÓN (DOCUMENTO 2)

CONSELLO ORIENTADOR (DOCUMENTO 3)

## (DOCUMENTO 1) INFORME DE AVALIACIÓN ORDINARIA

Sendo as \_\_\_\_\_ horas do día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_\_\_, reúnen os profesores citados ó dorso e baixo a presidencia do Profesor-Titor D./Dna. \_\_\_\_\_ co fin de efectuar a \_\_\_\_\_ avaliación ordinaria do grupo \_\_\_\_\_, fanse constar os seguintes aspectos:

CUALIFICACIONES RECTIFICADAS NO TRANCURSO DA SESIÓN

CAMBIOS INDIVIDUAIS DE TENDENCIA NEGATIVA NO RENDEMENTO ACADÉMICO

ABANDONO INTENCIONADO NALGUNHA MATERIA (criterios de promoción)	
Non presenta os traballos	
Non participa nas actividades individuais ou grupais	
Mantén comportamentos que alteran a convivencia	
Presenta faltas de asistencia sen xustificar	

**DETECCIÓN DE CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS EXTRAORDINARIAS**

Enfermidade grave	
Problema familiar grave	
Idade moi superior ó seu grupo de referencia	

**MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO**

--

**OUTROS ACORDOS**

--

MATERIA	PROFESOR	SINATURA	MATERIA	PROFESOR	SINATURA
1.			11.		
2.			12.		
3.			13.		
4.			14.		
5.			15.		
6.			16.		
7.			17.		
8.			18.		
9.			19.		
10.			20.		

En Guitiriz, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_  
O/A Titor/a

Asdo.: \_\_\_\_\_

## (DOCUMENTO 1) INFORME DE AVALIACIÓN

Sendo as \_\_\_\_\_ horas do día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_\_\_, reúnense os profesores citados ó dorso e baixo a presidencia do Profesor-Titor D. /Dna. \_\_\_\_\_ co fin de efectuar a \_\_\_\_\_ avaliación ordinaria do grupo \_\_\_\_\_, fanse constar os seguintes aspectos:

CALIFICACIÓNS RECTIFICADAS NO TRANSCURSO DA SESIÓN

OUTROS ACORDOS

MATERIA	PROFESOR	SINATURA	MATERIA	PROFESOR	SINATURA
1.			11.		
2.			12.		
3.			13.		
4.			14.		
5.			15.		
6.			16.		
7.			17.		
8.			18.		
9.			19.		
10.			20.		

En Guitiriz, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
de 200\_\_\_\_

O/A titor/a

Asdo.: \_\_\_\_\_

**(DOCUMENTO 2)**  
**INFORME INDIVIDUALIZADO DE AVALIACIÓN**  
**1º CICLO**

ALUMNO:	CURSO:
---------	--------

SOBRE O REFERENTE DOS OBXECTIVOS XERAIS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CONTIDOS DE CADA ÁREA ESPECIFICADOS NO CURRÍCULUM DO CENTRO.

ÁREAS	DIFICULTADES OU ASPECTOS DESTACABLES	MEDIDAS EN CURSO DE REFORZO OU ADAPTACIÓN CURRICULAR	CALIFICACIÓN FINAL
L. GALEGA E LITERATURA			
L. CASTELÁ E LITERATURA			
LINGUA ESTRANXEIRA			
CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E Hª			
MATEMÁTICAS			
EDUCACIÓN FÍSICA			
CIENCIAS NATURAIS			
EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL			
MÚSICA			
TECNOLOXÍA			
RELIXIÓN / ENSINANZA ALTERNATIVA			
OPTATIVA			

OBSERVACIÓNS

GRAO DE DESENVOLVEMENTO DAS CAPACIDADES

RESPECTO DO PROCESO DE MADURACIÓN PERSOAL	Pleno	Notable	Suficiente	Insuficiente
Autonomía				
Respeto polas ideas dos demais				
Aceptación das normas				
Participación en grupo				
Cumprimento das obrigas				
Cooperación				

RESPECTO DA CONSECUCIÓN DAS CAPACIDADES

Expresión oral				
Expresión escrita				
Comprensión				
Aplicación dos conceptos				
Cálculo operativo				
Argumentación				
Habilidade motriz				
Espíritu motriz				
Espíritu de superación				

VALORACIÓN DA APRENDIZAXE REALIZADA	DECISIÓN SOBRE A SÚA PROMOCIÓN

Guitiriz, a ..... de  
..... de 200.....

Vº e prace  
O Director

O/A profesor/a titor/a

Asdo.:

Asdo.:

**( DOCUMENTO 2 )**  
**INFORME INDIVIDUALIZADO DE AVALIACIÓN**  
**3º CURSO**

ALUMNO :	CURSO :
----------	---------

SOBRE O REFERENTE DOS OBXECTIVOS XERAIS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CONTIDOS DE CADA ÁREA ESPECIFICADOS NO CURRÍCULUM DO CENTRO.

ÁREAS	DIFICULTADES OU ASPECTOS DESTACABLES	MEDIDAS EN CURSO DE REFORZO OU ADAPTACIÓN CURRICULAR	CALIFICACIÓN FINAL
L. GALEGA E LITERATURA			
L. CASTELÁ E LITERATURA			
LINGUA ESTRANXEIRA			
CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E H <sup>a</sup>			
MATEMÁTICAS			
EDUCACIÓN FÍSICA			
FÍSICA E QUÍMICA			
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA			
EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL			
MÚSICA			
TECNOLOXÍA			
RELIXIÓN / ENSINANZA ALTERNATIVA			
OPTATIVA			

OBSERVACIÓNS

GRAO DE DESENVOLVEMENTO DAS CAPACIDADES

RESPECTO DO PROCESO DE MADURACIÓN PERSOAL	Pleno	Notable	Suficiente	Insuficiente
Autonomía				
Respeto polas ideas dos demais				
Aceptación das normas				
Participación en grupo				
Cumprimento das obrigas				
Cooperación				

RESPECTO DA CONSECUCIÓN DAS CAPACIDADES

Expresión oral				
Expresión escrita				
Comprensión				
Aplicación dos conceptos				
Cálculo operativo				
Argumentación				
Habilidade motriz				
Espíritu motriz				
Espíritu de superación				

VALORACIÓN DA APRENDIZAXE REALIZADA	DECISIÓN SOBRE A SÚA PROMOCIÓN

Guitiriz, a ..... de  
 ..... de 200.....

Vº e prace  
 O Director

O/A profesor/a titor/a

Asdo.:

Asdo.:

**(DOCUMENTO 3)**

## CONSELLO ORIENTADOR

En virtude do disposto no artigo 22 da L.O.X.S.E. e posterior normativa legal que o desenrola, elabórase o presente Consello Orientador para o/a alumno/a.....

Que como queda establecido nos devanditos textos legais, non é vinculante e ten carácter confidencial.

O Equipo Educativo do curso.....resolveu, en base ás informacións aportadas por todos e cada un dos seus membros expresados en baixo, orientar ó/á alumno/a no senso que ó remate se indica.

Os seus intereses manifestados son:

<b>Ciclo Formativo de Grao Medio</b>	<b>Bacharelato</b>
<input type="checkbox"/> Xestión Administrativa	<input type="checkbox"/> Ciencias da Natureza e da Saúde
<input type="checkbox"/> Outros (especificíquese).....	<input type="checkbox"/> Humanidades e Ciencias Sociais
.....	<input type="checkbox"/> Tecnolóxico
	<input type="checkbox"/> Artístico

As capacidades amosadas ó longo do Ciclo son:

- Área científico-técnica
- Área sociolingüística
- Área físico-deportiva
- Área artística
- Áreas optativas

Os seus hábitos de estudio son:

- Bos
- Regulares
- Malos

As expectativas que ten sobre as súas posibilidades son:

- Altas
- Medias
- Baixas

Tendo presentes os seus intereses, as súas aptitudes, os seus hábitos de estudo, o seu grao de madurez e desenrolo, así como a propia percepción que o alumno/a ten das súas posibilidades futuras, este Equipo considera conveniente orientarlle no seguinte senso:

- Entre as opcións que o Sistema Educativo lle presenta, recoméndaselle:

<b>Ciclo Formativo de Grao Medio</b>	<b>Bacharelato</b>
<input type="checkbox"/> Xestión Administrativa	<input type="checkbox"/> Ciencias da Natureza e da Saúde
<input type="checkbox"/> Outros (especificíquese).....	<input type="checkbox"/> Humanidades e Ciencias Sociais
.....	<input type="checkbox"/> Tecnolóxico
	<input type="checkbox"/> Artístico

- É conveniente que o próximo curso faga o Programa de Diversificación Curricular deseñado por este Centro pois o Equipo Educativo cre que ten posibilidades de cubri-los obxectivos que lle permitan a obtención do Título de Graduado en Educación Secundaria.
- Debe repeti-lo currículo ordinario de 4º E.S.O., pois o Equipo Educativo cre que con esta medida pode acadar-los obxectivos que lle permitan a obtención do Título de Graduado en Educación Secundaria.
- Parece conveniente que intente realizar algún dos módulos de Garantía Social.
- .....

Non obstante ó anterior, hai que insistir en que tal opción debe ir acompañada dun grao de esforzo, organización e constancia tal que sen el non será posible a culminación positiva da opción recomendada.

Por tanto D/Dona....., como titor/a de 4º....de E.S.O. ó que pertence o/a alumno/a arriba citado firma o presente Consello Orientador.

En Guitiriz, a.....de.....de .....

Vº e praxe

O/a director/a  
orientador/a

O/A titor/a

Conforme

O/A

## 4.- PROMOCIÓN

### 4.1. CRITERIOS DE PROMOCIÓN-TITULACIÓN NA E.S.O.

Promocionará en calquera caso o alumno/a que supere tódalas áreas.

No caso de materias non superadas, a comisión avaliadora decidirá a conveniencia da promoción do alumno/a de acordo cos criterios que se recollen no cadro que se presenta a continuación.

Non habendo acordo procederase a unha votación nominal sen poder absterse, entre os membros da citada comisión ( un voto por membro e non por materia impartida), e para promocionar ten que acadarse un resultado favorable non menor ó 75% do membros da comisión.

MATERIAS	1º CICLO	3º CURSO	4º CURSO
<b>Unha ou dúas materias non superadas</b>	Demostrando esforzo, actitude positiva e interese nesas materias	Demostrando esforzo, actitude positiva e interese nesas materias, sempre que non exista abandono intencionado nunha delas	Sempre que non exista abandono intencionado nunha delas.
<b>Máis de dúas materias non superadas</b>	En casos excepcionais se se observa que é beneficioso para o alumno.	En casos excepcionais se se observa que é beneficioso para o alumno.	En ningún caso

Enténdese por *Casos Excepcionais* a existencia dalgún problema familiar ou enfermidade grave, e que o alumno/a teña unha idade moi superior ó seu grupo de procedencia.

Enténdese por *Abandono Intencionado*, cando se de algún destes supostos:

#### **Falta de interese e esforzo continuado.**

1. Non presenta-los traballos requiridos nos prazos fixados.
2. Non participar nas actividades tanto individuais como grupais

3. Manter actitudes e comportamentos que alteren de maneira sistemática o normal funcionamento da clase “ neste caso haberá que presentar xustificación documental “
4. Un número de FALTAS DE ASISTENCIA SEN XUSTIFICAR en función do disposto no R:R:I:

*As deliberacións sobre a promoción e resultados das votacións terán carácter secreto.*

Hai que ter en conta a conveniencia de esgota-la posibilidade de repetir cursos nos niveis máis baixos ( final de 1º ciclo ou 3º, unha vez escoitados os pais ou titores legais), para dar marxe a acada-las destrezas ou capacidades necesarias.

Os alumnos que xa permaneceron un ano máis no ciclo ou curso, promocionarán ó ciclo ou curso seguinte, aínda que non alcanzasen os obxectivos programados, coas oportunas medidas de adaptación curricular.

Excepcionalmente, se estes alumnos son maiores de dezaseis anos, o equipo de profesores e, se é o caso, os responsables dos servicios de orientación, oídos o alumno e os seus pais e logo da avaliación psicopedagóxica do alumno e informe da Inspección Educativa, poderá establecer un programa de diversificación curricular individualizado (PDC) coa finalidade de que o alumno acade as capacidades xerais da etapa. A singularidade de ditos programas fai que a incorporación ós mesmos non teña a consideración de “repetición”, en consecuencia, un alumno que xa repeteira 3º curso da E.S.O. pode integrarse nun PDC de dous anos.

O alumno que non conseguiu os obxectivos do primeiro ciclo da E.S.O. poderá permanecer un ano máis nel. Tal decisión compete ó equipo de profesores do respectivo grupo do alumno.

O alumno que non conseguiu os obxectivos dun curso do segundo ciclo da E.S.O. poderá permanecer un ano máis nel. Tal decisión compete ó equipo de profesores do respectivo grupo do alumno.

O alumno que permanecera un ano máis no primeiro ciclo da E.S.O. poderá excepcionalmente permanecer un ano máis en algún dos cursos do segundo ciclo, igual un alumno que permanecera un ano máis no 3º curso da E.S.O. poderá excepcionalmente permanecer un ano máis no 4º curso desta etapa. Tal decisión nestes dous supostos e competencia do grupo de profesores do grupo de alumnos, e ten o carácter dunha medida excepcional. Tomarase cando se estime que o alumno ten posibilidades de obter o título de Graduado en E.S.O., polo que tal decisión deberá ir acompañada das medidas educativas complementarias que se consideren oportunas.

A posibilidade de que un alumno, dentro do límite dos dezoito anos de idade, poida permanecer dúas veces máis no mesmo curso (tal situación contemplaríase en 4º curso da E.S.O.) corresponde, non ó equipo de profesores do grupo de alumnos, senon que corresponde á Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Centros, previa solicitude dos interesados.

## **4.2. CRITERIOS DE PROMOCIÓN NOS CICLOS**

### **FORMATIVOS**

A avaliación realizarase por módulos profesionais e polo profesorado que imparte módulos a un mesmo grupo de alumnos/as.

As cualificacións do alumnado expresaranse en cifras de 1 a 10, sen decimais, para cada módulo profesional, agás o de formación en centros de traballo, que se cualificará en termos de apto ou non apto. Considéranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco puntos, e negativas as restantes.

Para a superación dun ciclo formativo será necesario ter cualificación final positiva en todos e cada un dos módulos que o compoñen, incluído o de formación en centros de traballo.

A cualificación do ciclo obterase como media aritmética das cualificacións de tódolos módulos, agás o de formación en centros de traballo, e expresarase numericamente cunha única cifra decimal.

O período de formación en centros de traballo realizarase con posterioridade ó demais módulos profesionais.

Para poder acceder ó período de formación en centros de traballo será preciso, ter aprobados tódolos restantes módulos profesionais.

O equipo docente dos ciclos, poderá denegar-lo acceso ó módulo profesional de formación en centros de traballo a aquel alumnado que teña manifestado baixo rendemento ou amose insuficiente madurez, cando manifesten durante o seu desenvolvemento un baixo rendemento contrastado ou que fosen sancionados con expediente disciplinarios.

## 4.3. CRITERIOS DE PROMOCIÓN – TITULACIÓN

### NO BACHARELATO

**1.- Promocionarán do primeiro ó segundo curso de Bacharelato** os alumnos e as alumnas que foran avaliados positivamente en tódalas disciplinas do curso e aquelouros que foran avaliados negativamente nunha ou en dúas materias.

**2.- Os alumnos e alumnas que non promocionaran a segundo curso** por teren avaliación negativa en máis de dúas materias deberán repetir curso e seren avaliados de novo en tódalas disciplinas de primeiro.

**3.- Os seminarios ou departamentos didácticos asumirán as tarefas de recuperación e avaliación dos alumnos/as de segundo curso que teñan unha ou dúas materias pendentes do curso anterior.** Con esta finalidade proporánlles ós alumnos/as un plan de traballo no que constarán os contidos mínimos esixibles e as actividades recomendadas, así como instrumentos de avaliación que permitan verifica-la recuperación das dificultades que motivan a cualificación negativa.

**4.- A avaliación e cualificación de materias pendentes de primeiro curso** realizarase con anterioridade á avaliación final ordinaria do segundo curso.

**5.- Ó remata-lo segundo curso, os alumnos e as alumnas que foran avaliados negativamente en máis de tres disciplinas do devandito curso ou de ámbolos dous cursos de Bacharelato,** deberán repetir curso e seren avaliados naquelas materias pendentes de primeiro, se é o caso.

**6.- Os alumnos e as alumnas con tres ou menos materias pendentes de segundo ou de ámbolos dous cursos** haberán de cursar únicamente estas disciplinas. Para efectos desta disposición contarase unha soa materia aquela que se curse coa mesma denominación nos dous cursos do Bacharelato.

7.-Excepcionalmente, e por unha soa vez, a dirección do centro poderá autorizar que os alumnos/as os que se fai referencia no apartado anterior cursen tódalas materias de segundo, coa finalidade de melloraren as súas cualificacións.

A estes alumnos consideraráselles nas materias que xa tiñan superadas a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que dita cualificación sexa superior á anterior. No caso contrario, prevalecerá a cualificación obtida na convocatoria precedente.

**8.- A permanencia no Bacharelato** en réxime escolarizado será de catro anos, como máximo.

**9.- Para realiza-la proposta do título de bacharel será necesario que os alumnos/as obteñan avaliación positiva en tódalas materias.**

**10.-A nota media de Bacharelato** será a media aritmética das cualificacións de tódalas disciplinas que compoñen os dous cursos. Só neste caso, póderase expresar cun decimal.

As cualificacións que se obtiveran na avaliación das ensinanzas de relixión non se computarán na obtención da nota media. As actividades de estudio alternativas as ensinanzas de relixión non serán obxecto de avaliación e non terán constancia nos expedientes académicos dos alumnos/as.

**11.- Os alumnos e alumnas ou os seus representantes legáis poderán presentar reclamacións sobre as cualificacións finais** obtidas nas convocatorias ordinaria e extraordinaria, conforme o procedemento establecido na lexislación vixente.

## 5. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1.- FUNCIONES XERAIS DO TITOR EN RELACIÓN COS ALUMNOS, COS PROFESORES OU OUTROS PROFESIONAIS ,COS PAIS E CO EQUIPO DIRECTIVO.

### 1.1 COS ALUMNOS:

Facilita-la integración dos alumnos no grupo-clase e no conxunto da dinámica escolar fomentando o desenvolvemento de actitudes de cooperación e participación nas actividades do Centro respectando as diferencias.

1.1.2. Tentar por en práctica un ensino personalizado que favoreza as aprendizaxes.

1.1.3. Efectúa-lo seguimento global dos procesos de aprendizaxes dos alumnos/as para detecta-las dificultades e as necesidades especiais coa finalidade de dar resposta ás necesidades e busca-lo asesoramento e apoio cando sexa necesario.

1.1.4. Coordina-lo proceso avaliador dos alumnos (organizar e presidi-las sesións) e asesorar sobre a súa promoción dun ciclo a outro e cumprimenta-la documentación administrativo-pedagóxica dos alumnos/as.

1.1.5. Orientar e asesorar ós alumnos/as sobre as súas posibilidades educativas e profesionais favorecendo a madurez vocacional nos mesmos.

1.1.6. Fomentar no grupo o desenvolvemento de actitudes participativas no entorno sociocultural e natural.

1.1.7. Favorecer no alumno o coñecemento e aceptación de si mesmo, así como a autoestima, cando se vexa diminuída por fracasos escolares doutro xénero.

1.1.8. Se-la canle que encamiñe as demandas e inquiredanzas dos alumnos/as entre eles, os outros profesores e o equipo directivo.

1.1.9 Colaborar co departamento de orientación e cos equipos psicopedagóxicos da zona.

1.1.10 Axudar ós alumnos nos momentos de maior risco ou dificultade: ingreso, cambio de ciclo...

## 1.2 COS OUTROS PROFESORES OU OUTROS PROFESIONAIS

1.2.1. Coordinar cos demais profesores o axuste das programacións ó grupo de alumnos/as, especialmente no que atinxe ás respostas educativas ante as necesidades especiais ou de apoio.

1.2.2. Informará ós demais profesores acerca das características dos alumnos/as. Recollerá as observacións que os demais profesores fagan dos alumnos.

1.2.3. Coordina-lo proceso de avaliación do grupo do que é titor.

1.2.4. Contribuír a desenvolver liñas comúns de acción cos demais titores. Trataranse non só aspectos puramente académicos senón tamén disciplinarios tanto de carácter individual como do grupo.

1.2.5. Propoñer ó Equipo Psicopedagóxico a realización de estudos de alumnos con necesidades educativas especiais en coordinación co profesorado de apoio e co consentimento dos pais.

## 1.3 COS PAIS

1.3.1. Contribuír ó establecemento de relacións fluídas cos pais, que faciliten a conexión entre o Centro e as familias.

1.3.2 Implicar ós pais en actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.

1.3.3. Informar ós pais da asistencia e seguimento das actividades docentes dos seus

fillos, o seu rendemento académico e as súas dificultades, mantendo os contactos oportunos co profesorado do grupo e cos pais. En xeral tamén se informará ós pais da vida do centro docente e en especial do propio servizo da titoría.

1.3.4. Reunirse con tódolos pais da súa titoría, polo menos unha vez no mes de outubro e outra nos quince días seguintes á 2ª avaliación. Desta última xuntanza informará por escrito ó Xefe de Estudos

1.3.5. Recolle-la información que os pais poidan proporcionar con vistas a un mellor coñecemento do alumno/a.

1.3.6. En determinados casos, tentar influír ante os pais en orden a propicia-lo cambio en certos elementos da vida familiar que estean condicionando negativamente a conducta e o rendemento do alumno/a, ou dificultando unha correcta opción escolar ou profesional.

1.3.7 Recibir e canalizar suxestións ou reclamacións dos pais.

#### 1.4. CO EQUIPO DIRECTIVO

1.4.1. Coordinación co Xefe de Estudos.

1.4.2. Facer suxestións ós órganos de dirección sobre necesidades dos alumnos

1.4.3. Transmitir ós órganos de dirección as suxestións que fagan os pais, os profesores e os mesmos alumnos nas reunións co titor.

1.4.4. Trata-los casos especiais co órgano de dirección que corresponda.

1.4.5. Canalizar a través da Secretaría a documentación correspondente ós alumnos/as.

*Débese ter en conta o disposto no apartado 1 do Artigo 59º do Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria, así como o disposto no apartado 2 do mesmo artigo para as funcións específicas dos titores de ciclos formativos.*

## **2.- ACTIVIDADES A REALIZAR**

### 2.1. ANTES DO INICIO DAS CLASES

Unha vez que é coñecido o grupo de alumnos dos que se vai ser titor, procederase, antes do comezo das clases, a revisar a documentación de cada alumno onde para ben ser deberá figurar ademais do seu expediente académico, factores da personalidade e outros datos que se consideren relevantes.

Tamén antes de comeza-las clases convén elaborar unha ficha titorial onde deberán figurar:

- Condicións familiares
- Condicións persoais
- Situación académica
- Datos e información en xeral, obtida nos cuestionarios, enquisas e probas iniciais que logo se realizarán para un mellor coñecemento dos alumnos/as

Propónse o seguinte tipo de ficha titorial:

Apelidos:

Nome:

Idade:

Domicilio:

1) Condicións familiares

Nivel socioeconómico:	A= economicamente	moi baixo
	B= economicamente	baixo
	C= economicamente	medio-baixo
	D= economicamente	medio
	E= economicamente	medio-alto
	F= economicamente	alto

Renda dos pais

Profesión do pai e da nai

Nivel cultural:

Estudios dos pais:	Ningún
	Primarios
	Secundarios
	De grado medio
	De grado superior

Lingua familiar

Tipo de vivenda

Distancia da vivenda 6 Centro

Tipo de transporte empregado

Outros familiares que conviven na casa (Parentesco - Idade - ocupación)

Ambiente en xeral:	Bo
	Normal
	Malo --> Problema)

Estabilidade emotivo-familiar

Preocupación pola educación dos seus fillos:

Participación institucional no Centro:

- Membro da APA
- Participación en procesos electorais
- Membro do CE
- Participación en actividades extraescolares
- Grado de compromiso no Centro como educadores

Participación non institucional:

- Promedio de visitas ó titor
- Porcentaxe de visitas a outros membros do Centro (Profesores, cargos directivos).

2) Condicións persoais:

Integración no Centro:           Boa  
  Normal  
  Mala --> Problema

Integración na Clase:   Boa  
                                  Normal  
                                  Mala   Problema

Carácter:   Activo  
              Medio  
              Pasivo

Actitude:   Participante  
              Indiferente  
              Negativa

Motivación   Alta  
               Media  
               Baixa

Responsabilidade:   Moita  
                          Media  
                          Pouca

Problemas médicos:

Rasgos destacables na súa personalidade (Agresividade, timidez....)

Preferencias no tempo de lecer:

Cualidades que busca nos amigos/compañeiros:

Tipo de agrupamento que prefire:

Dificultades que atopa para integrarse no ambiente familiar:

Tempo que dedica a falar dos seus problemas cos seus pais:

Temas que lle preocupan:           Medio ambiente  
  Droga  
  Paro  
  Relacións sexuais  
  Guerras

Gostarialle chegar a ser..... por.....

Outras observacións:

3) Situación académica

Centros nos que estudiou anteriormente:

Repetiu algún curso: EXB

Primaria

Razóns dadas polo alumno para esa repetición

Cualificación do último curso:

Materias que máis lle gustan (razóns):

Materias que lle resultan máis difíciles (razóns):

Materias que lle resultan máis monótonas (razóns):

Comprensión lectora: Boa  
Normal  
Mala (Defectos: ...)

Velocidade lectora: Lenta  
Normal  
Alta

Expresión escrita: Boa  
Normal  
Mala (Defectos:...)

Ortografía: Boa  
Normal  
Mala (Defectos:...)

Expresión verbal: Boa  
Normal  
Mala (Defectos:...)

Cálculo matemático: Bo  
Normal  
Malo

O estudio resúltalle: Doado  
Difícil  
Interesante  
Aburrido  
Imposto  
Útil

Problemas que ten para estudar (razóns):

Tempo que lle dedica ó estudio:

Preferencias no tempo de lecer:

Interese pola lectura:

Interese polos deportes:

Tipos de agrupamento que prefire segundo a actividade (razóns):

Técnicas de estudio: ¿coñece? ¿emprega?

Materias optativas escollidas (razóns):

Materias optativas que lle gustaría escoller (razóns):

Estudios ou traballos que lle gustaría facer ó rematar estes estudos :

Resultados obtidos nas probas iniciais

Razoamento lóxico

Aptitude numérica

Comprensión verbal

Vocabulario

Concentración

Motivación

Outros datos salientables:

Intervencións e informacións obtidas por:

Entrevistas co alumno

Entrevistas cos pais

Acordos da Xunta de Avaliación

Cuestionarios

Enquisas

Resumindo, antes do inicio das clases o titor fará alomenos:

- Consulta do expediente do alumno.
- Familiarización cos nomes do grupo (a ningún alumno lle gusta ser un número).
- Elaboración da ficha tutorial.
- Elaboración de enquisas e cuestionarios.

- Recompilación de material: Organigrama do Centro, actividades previstas no Plan de Centro, Regulamento de Réxime Interno, Carta de Dereitos e Deberes, bibliografía dispoñible sobre técnicas de estudo, traballo en equipo, orientación académico-profesional ...
- Reunións cos outros titores e profesores para sinalalas pautas de acción comúns.
- Primeiro contacto coa familia mediante unha carta de autopresentación como titor do seu fillo/a para o curso.

Nesta primeira presentación tamén se lles comunicarán os nomes dos outros profesores xunto coa materia que imparten e mailo horario dos seu fillo/a. Daráselles o horario específico de titoría, invitándoos a vir 6 Centro para un intercambio de información aclarándolles que isto redundará nun beneficio para o seu fillo e máis para o Centro. Tamén se lles anunciarán as reunións trimestrais ós Pais.

4) Conclusións obtidas por tódolos profesores do alumno en canto ós factores que inflúen no seu xeito de aprender:

- Ritmo co que aprende ou fa; unha tarefa por termo medio (Lento Moderado Acelerado).
- Rendemento e habilidade que o alumno/a amosa nas distintas materias (Alto – Medio – Baixo).
- Preferencia sensorial no momento de recibir información externa (Necesidade auditiva - visual - táctil - oral - gráfico - motórica).
- Mellor xeito de expresión (Escrito - oral - gráfico - motórico).
- Grado de autonomía para realiza-las tarefas encomendadas (Alto Medio - Baixo).
- Capacidade de esforzo ( Continuado - por intervalos).
- Preferencias polo traballo=agrupamento (Solitario=individual, cun compañeiro, pequeno grupo, gran grupo/clase).

- Dominio de métodos e técnicas de estudio básicas e de estratexias xerais de resolución de problemas (Alto - medio - baixo)
- Capacidade para establecer relacións de sociabilidade (Solidario dominante - dominado - cooperativo).

Todos estes datos poden figurar nunha táboa de dobre entrada para un máis doado manexo. De haber diferencias de opinión, constatalas e comparalas coa opinión que nos cuestionarios reflexa o alumno sobre as distintas materias.

## 2.2. ACTIVIDADES COS ALUMNOS/AS

Aconséllase unha distribución por sesións semellante á seguinte:

### Sesión:

- Presentación
- Acollida dos alumnos/as sobre todo para os que chegan por primeira vez ó Centro
- Comentar e explicárllas funcións e tarefas da titoría para dálle-la oportunidade de participar na programación de actividades.
- Consellos para a elección de delegado e subdelegado. Entrega das posibles actas con explicación de como levar a cabo o proceso; en definitiva educar nos hábitos democráticos e no exercicio da tolerancia.

### Sesión:

- Comenta-las suxestións de traballo. - Crear un clima de cordialidade para que o alumno vexa no titor ademais dun profesor un amigo ó que recorrer e manifeste abertamente os seus intereses e inquietudes.
- Dar lectura e comentario ó RRI para informarlles do funcionamento do Centro porque non debemos confundir tolerancia con ausencia de normas.

- Explicárlle-lo Organigrama do Centro (sobre todo para os novos).
- Comenta-la carta dos dereitos e deberes dos alumnos, coa finalidade de axudarlles a afirmar e desenvolve-la súa personalidade como forma para familiarizarse coa lei e para que se afagan a saber estar nunha sociedade coñecendo o seu status humano e xurídico.

Sesión:

- Pasarlles cuestionarios ou enquisas sobre:
  - \* Datos persoais (que reflectan intereses, inquietudes, afeccións, etc.)
  - \* Datos familiares (onde ademais de coñece-lo nivel sociocultural dos pais, se poida ve-la relación que hai cos fillos)
    - \* Hábitos de estudio:
      - Entorno (luz, postura, instalación, materiais, recursos ... )
      - Motivación, esforzo, responsabilidade ...
      - Tipo de agrupamento (individual, en parella, cun adulto... )
      - Forma de estudar.
      - Forma de recoller datos.
      - Forma de planificación do traballo.

Sesión:

En función dos datos obtidos das enquisas, cuestionarios e no caso de hábitos de estudio, na titoría tratárase de axudarlles a mellora-los resultados a base de mentalizalos do importante que é saber estudar e de como as técnicas de traballo intelectual poden axudarlles a aumenta-lo seu tempo libre xa que lles permite entender mellor o que estudian, retelo dun xeito máis doado e aprender máis rápido. Polo tanto a titoría servirá de reforzo a unha tarefa común.

Sesión:

- Continuar coas técnicas de estudio.

- Buscar alumnos con bos hábitos que voluntariamente se presten a axudar ós outros.
- Neste caso acórdase permitir nas clases un agrupamento por parellas ó seu gusto.
- Ir facendo entrevistas individuais para coñece-los problemas que máis lles afectan.
- Cubrir cuestionarios para ver que actitudes e valores consideran como máis positivos.

### Sesión:

Dado que se importante é o estudio, tan importante é o afianzamento persoal polo que, procurarase axudarlles ós alumnos/as á forma-lo seu carácter para que consigan adaptarse a novas situacións, mentalizalos de que o mesmo que son capaces de fallar tamén o son de reaccionar. Como puntos a traballar:

- Valoración dos aspectos positivos para que cheguen a gustarse a si mesmos sen preocuparse tanto de caer ben, facendo fincapé na idea de que os que nos aprecian acéptannos cos nosos defectos.
- Non facer comparanzas nin poñer modelos porque ninguén é perfecto pero todos podemos mellorar.
- Asumir responsabilidades, sempre é mellor fracasar e esforzarse en atopar solucións que non enfrontarse a realidade.
- Aprender a controla-las emocións, ser reflexivos e respectar ós demais.
- O que non se desanima sempre chega á meta, quizais con atraso, pero chega.
- A inquietude ante acontecementos sociais, políticos, nacionais e internacionais, é positiva, pero non debemos ver só o lado malo dos acontecementos, hai que pensar con realismo, frialdade e pensar que nós tamén podemos axudar a mellora-la situación.

### Sesión:

- Preparación para a primeira avaliación: tipo de probas, datas, etc. Aclaración sobre o tipo de probas ás que os van someter en tódalas materias para evitar a falta de rendemento polo factor sorpresa, indicándolles que non son só os exames os que van da-la cualificación xa que se terán en conta:

- Intervencións na clase.
- Interese amosado.
- Capacidade de traballo en grupo.
- Ortografía, redacción, presentación de traballos e de exames.
- Capacidade de síntese e de relación.
- Capacidade para autoavaliarse.

### Sesión:

- Axudarlles no estudio como preparación ós exames:

- Revisión de apuntes.
- Resumes, esquemas.

### Sesión:

- Comenta-los resultados obtidos na avaliación.
- Sinala-los aspectos mellorables.
- Contraer compromisos para a seguinte avaliación.

### Sesións:

- Continuar coas técnicas de estudio.
- Exercicios para potencia-la memoria.

### Sesión:

- Animación para participar en concursos culturais.
- Preparación de traballos e carteis na titoría.

### Sesión:

- Información sobre a demanda social e empresarial existente no actual sistema productivo para que o teñan en conta á hora de elixir unha carreira ou profesión para unha mellor perspectiva de futuro.

## REUNIÓN COS ALUMNOS

### PRIMEIRA REUNIÓN (Inicio do curso)

- Toma de contacto
- Organigrama do Centro
  - Funcionamento
  - Membros
- Actividades
- Dar a coñece-lo RRI
- Dar a coñece-la Carta de Dereitos e Deberes
- Obxectivos para este curso
- Características e dificultades desta idade e deste curso
- Información do réxime académico
  - Horarios
  - Profesorado
  - Xustificación faltas

- Calendario avaliacións
- Necesidade de participación dos pais no Centro

### REUNIÓN COS PAIS

#### REUNIÓN PERIÓDICAS (Trimestrais)

- Descrición xeral das características do grupo
  - Adaptación
  - Actitude ante o traballo
- Información dos resultados obtidos nas avaliacións.
- Normas de comportamento
- Tramitación de posibles reclamacións
- Acordos para acadar melloras
- Suxestións

#### ENTREVISTAS (1 hora semanal)

- Datos salientables do seu fillo
- Intercambio de opinións
- Información sobre a marcha do seu fillo
- Colaboración dos pais no seguimento do traballo na casa

### 2.3. ACTIVIDADES COS PAIS

- Autopresentación por carta ós pais o inicio do curso na que se fará consta-lo horario lectivo do seu fillo e as horas de atención a pais de tódolos profesores do grupo.
- Convocar ós pais para posibles entrevistas.

- Reunir ós pais ó comezo do curso para informar sobre horarios dos alumnos, composición do equipo educativo, do calendario de avaliacións, normas sobre o control de asistencia. Tamén na primeira reunión comentaráselles ós pais as características da idade e do nivel escolar no que se atopan os fillos, así coma os obxectivos e actividades da titoría.

- Poñerse de acordo cos pais en relación co traballo persoal dos seus fillos, organización do tempo de estudo na casa, do tempo libre e de descanso.

- Manter entrevistas individuais cos pais a solicitude deles ou cando o titor as considere necesarias para solucionar ou mellor previr situacións de inadaptación escolar.

- Darlles información sobre as materias ás que poden opta-los seus fillos sobre carreiras e saldas no mundo laboral.

- Informalos das prácticas en empresas que poden realiza-los seus fillos e, ó mellor, eles están en condicións de axudarnos a contactar con elas para organiza-las prácticas.

- Animalos a que participen máis na vida escolar e que propongan os temas que máis lles preocupan en relación cos seus fillos.

- Fixar xa as datas de reunión cos pais despois de cada avaliación, explicándolles que serven para intercambiar información e analizar con eles a marcha do curso.

## 2.4. ACTIVIDADES COS OUTROS PROFESORES E/OU OUTROS

### PROFESIONAIS DO ENSINO.

- Planificar e organizar en colaboración cos outros profesores actividades educativas tanto escolares como extraescolares.
- Fixar en común criterios de avaliación.
- Obter entre todos información sobre os alumnos.
- Contribuír á realización de estudos e análise sobre necesidades dos alumnos.
- ~ Consensuar co equipo de profesores un plan de acción tutorial para o curso. Implicacións e aspectos a tratar.
- Conseguir gracias ós outros profesores unha visión xeral sobre tódalas materias en canto á programación (obxectivos, actividades, metodoloxía).
- Comunicar ós profesores informacións sobre os alumnos que lles poidan ser de utilidade na súa labor docente.
- Preparar, coordinar e moderar as sesións de avaliación.
- Manterse en contacto cos outros titores para unificar criterios sobre acción tutorial.
- No caso de detectarse necesidades educativas especiais en algún alumno/a, contactar cos profesores de apoio a integración, co Departamento de Orientación ou ben contactar co Equipo Psicopedagóxico para recibir orientación en relación as adaptacións metodolóxicas e organizativas da aula, así como aportando material didáctico e recursos persoais aceptados.
- Recibir pois, asesoramento en canto a adaptacións curriculares, intervención psicopedagóxica especializada, programas de desenvolvemento individual , reforzos ou apoios necesitados polos alumnos/as, criterios de avaliación e promoción.

## **6. PLANO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL**

### **Funcións para con tódolos alumnos/as**

- Potencia-la orientación de tódolos alumnos/as, a cada un de acordo coas súas características e necesidades propias.
- Valora-las necesidades educativas dos alumnos/as e deseñar, desenvolver, avaliar programas específicos de intervención.
- Axudar ós alumnos/as nos momentos que consideremos de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e a elección entre distintas materias, liñas optativas ou a transición á vida profesional.
- Facilitar información sobre o mundo laboral e saídas académicas e profesionais.
- Participar no consello orientador ó final da etapa.
- Contribuír ó desenrolo de capacidades xenerais: aprender a pensar, aprender a aprender, mellora-la intelixencia, etc.
- Contribuír á dimensión moral e cívica da educación e, en xeral, ó desenrolo dos eixes de contido transversais do currículo.
- Contribuír ó desenrolo no alumnado de actitudes e comportamentos persoais e sociais positivos.
- Promove-la cooperación coas familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.
- Colaborar co resto do profesorado e coas familias no afrontamento de problemas de conducta se chegan a presentarse.
- Colaborar co resto do profesorado para anticiparse á aparición de problemas xeneralizados de aprendizaxe

### **Funcións para con determinados alumnos/as**

- Asegura-la conexión, para os alumnos que chegan á etapa, coa atención educativa que recibían anteriormente respecto ás súas necesidades especiais.
- Realiza-la avaliación psicopedagóxica previa necesaria para as adaptacións e diversificacións precisas.
- Contribuír a elabora-la programación curricular adaptada ou diversificada.

### **Funcións para co Centro e o profesorado**

- Colaborar na elaboración e no desenvolvemento do Proxecto Educativo e Curricular do Centro incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico, nos principios de avaliación formativa e na adecuación dos criterios de promoción.
- Asesorar tecnicamente ós órganos directivos en materia de adaptación e diversificación curricular, intervención psicopedagóxica especializada, programas de desenvolvemento individual, reforzos e apoios necesitados por determinados alumnos e criterios de avaliación e promoción do alumnado.
- Colaborar na avaliación da oferta curricular do Centro.
- Asesorar e apoiar ó profesorado no desempeño da función titorial, así como en materia de organización, agrupamento e dinámica de grupos. Así como ofrecerlles soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- Facilitar ós profesores a utilización de técnicas específicas instrucionais relativas a hábitos de traballo, técnicas de estudo, programas de ensinar a pensar.
- Asistirles igualmente na posta en práctica de técnicas de relacións humanas, dinámica e xestión de grupos, entrevista de asesoramento, liderazgo, etc.
- Colaborar co profesorado na prevención e na pronta detección de problemas ou dificultades educativas, de desenvolvemento e/ou aprendizaxe.
- Asesorar ós profesores para a realización dunha avaliación continua e integradora.

- Coordina-la orientación laboral e profesional con outras administracións ou institucións para os alumnos de formación profesional específica.

**A xefatura do Departamento de Orientación terá as seguintes funcións:**

- a) Dirixir e coordina-las actividades e actuacións propias do departamento.
- b) Responsabilizarse da redacción do plan de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elabora-la memoria final de curso.
- c) Participar na elaboración do proxecto educativo e do proxecto curricular de etapa, representando o departamento na comisión de coordinación pedagóxica.
- d) Convocar e presidi-las reunións do departamento conforme o procedemento que se estableza.
- e) Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.
- f) Coordina-la organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- g) Realiza-las avaliacións psicopedagóxicas, se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme ó procedemento que se estableza.
- h) Facilita-la colaboración entre os membros dos departamentos de orientación implicados.
- i) Coordinar, en colaboración co profesor ou profesora de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando ó xefe de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- j) Aqueloutras funcións que a Administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

## **7. TRATAMENTO DOS CONTIDOS TRANSVERSAIS**

Creemos que os temas transversais deben impregna-la actividade docente e estar presentes na aula de xeito permanente, xa que fan referencia ós problemas e preocupacións fundamentais da sociedade. Os obxectivos que a continuación se citan son un reflexo da nosa forma de entender estes temas.

### **Educación para a convivencia**

Ven a ser unha parte importante dos obxectivos de educación moral e cívica presentes en todo currículo. A nosa pretensión é educar para a convivencia no pluralismo mediante un esforzo formativo en dous sentidos:

- No respecto á autonomía dos demais.
- No diálogo como medio para solucionar as diferencias.

### **Educación para a saúde**

Enténdese a saúde como benestar físico e mental, individual, social e medioambiental. Isto deriva en dous tipos de obxectivos:

- Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das súas principais anomalías e enfermidades, e no xeito de previlas ou curalas.
- Desenrolar hábitos de saúde: hixiene corporal e mental, alimentación correcta, exercicio físico, prevención de accidentes, relación sen medo co persoal sanitario, etc.

### **Educación para a paz**

Non pode dissociarse da educación para a comprensión internacional, a tolerancia, o desarme, a non violencia, o desenrolo e a cooperación. Os obxectivos que se pretenden acadar son:

- Educar para a acción. As leccións de paz, a evocación de figuras e coñecemento de organismos comprometidos coa paz deben xerar estados de conciencia e conductas prácticas.
- Adestrarse para a solución dialogada de conflitos de ámbito escolar.

## **Educación para o consumidor**

Aquí propoñémono-los seguintes obxectivos:

- Adquirir esquemas de decisión que consideren tódalas alternativas e os efectos individuais, sociais, económicos e medioambientais.
- Desenvolar un coñecemento dos mecanismos do mercado, así como dos dereitos do consumidor e as formas de facelos efectivos.
- Crear unha conciencia do consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

## **Educación non sexista**

O Centro, se pretende unha educación para a igualdade ten que dende os primeiros momentos poñer en práctica unha dinámica correctora das discriminacións. Os obxectivos polo tanto serán:

- Desenvolala autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
- Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuizados sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións etc.
- Adquirir habilidades e recursos para realizar calquera tipo de tarefas, domésticas ou non.
- Consolidar hábitos non discriminatorios.

## **Educación ambiental**

Propoñémo-los seguintes obxectivos:

- Adquirir experiencias e coñecementos suficientes par ter unha comprensión dos principais problemas ambientais.
- Desenvolar unha conciencia de responsabilidade respecto do medio ambiente global.

- Desenvolar capacidades e técnicas de relacionarse co medio sen contribuír ó seu deterioro, así como hábitos individuais de protección do medio, especialmente no entorno máis próximo.

### **Educación sexual**

Plántexase como esixencia natural da formación integral da persoa. Os seus obxectivos fundamentais son os seguintes:

- Adquirir información suficientemente e cientificamente sólida acerca destes aspectos: anatomía e fisioloxía de ambos sexos; maduración sexual; reprodución humana; reprodución asistida, prevención de embarazos; enfermidades venéreas e de transmisión sexual, manifestacións diversas da sexualidade, etc.
- Consolidar unha serie de actitudes básicas: naturalidade no tratamento de temas relacionados coa sexualidade; criterios de prioridade en casos de conflito entre o exercicio da sexualidade e risco sanitario; hábitos de hixiene; relación espontánea e confiada con urólogos e xinecólogos; respecto ás diferentes manifestacións da sexualidade; autodominio en función de criterios e conviccións.
- Elaborar criterios para xuízos morais sobre delitos sexuais, a prostitución, a utilización do sexo na publicidade, a pornografía, a reprodución asistida, etc.

### **Educación vial**

Os obxectivos fundamentais son:

- Sensibilizar ós alumnos/as sobre os accidentes e outros problemas de circulación.
- Adquirir conductas e hábitos de seguridade vial como peóns e como usuarios de vehículos.

### **Educación para Europa**

Os seus principais obxectivos son:

- Adquirir unha cultura de referencia europea en xeografía, historia, linguas, institucións, etc.
- Desenvolvela conciencia de identidade europea e a asunción progresiva da cidadanía europea nos seus valores, dereitos e obrigacións.
- Preparar para a cooperación cívica, tecnolóxica e profesional entre os europeos.

Nas programacións didácticas dos departamentos farase referencia ó tratamento e forma de desenvolve-los temas transversais mencionados anteriormente.

## 8.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS PARA ORGANIZA-LA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### 8.1. ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

#### 1.-XUSTIFICACIÓN.

A atención a diversidade é un principio fundamental do modelo educativo que propón a LOXSE, e en consecuencia de algúns dos seus postulados esenciais.

En primeiro lugar está o considerar os problemas de desenvolvemento e aprendizaxe dende un **modelo funcional**, baseado na *concepción interactiva do desenrolo*, onde as capacidade dos alumnos/as vanse desenvolvendo en función, entre outras cousas, da intervención educativa.

En segundo lugar, a **comprensibilidade** do currículo, que pretende garantir uns contidos mínimos para tódolos españois ata os 16 anos, pero á vez, proporcionando un ensino axustado ás necesidades de cada alumno/a, atendendo na súa **diversidade**, tanto de motivacións como de intereses e capacidades, e non só en termos de carencia ou dificultades senón de enriquecemento para todos aqueles alumnos/as que poidan e desexen facelo.

A partir do principio de comprensibilidade, tratase de ofrecer ós alumnos as máximas oportunidades de formación no contexto do seu centro, así como de dar resposta, a través do principio de atención á diversidade, ás distintas necesidades que manifestan no seu proceso educativo.

O currículo da Secundaria obrigatoria defínese como **aberto** e **flexible**, coa posibilidade de concretalo na aula en función das necesidades do grupo de alumnos. Isto significa que os obxectivos a conseguir son os mesmos para todos, así como a proposta curricular mínima para cada etapa educativa, pero é suficientemente aberto como para que cada Centro o adapte ás características específicas dos seus alumnos/as, respectando a pluralidade cultural e dando respostas educativas que teñan en conta a diversidade de capacidades, intereses e motivacións dos alumnos.

O Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria, prevé diferentes posibilidades de atender á diversidade do alumno ó considera-la posibilidade de realizar adaptacións e diversificacións do currículo común nos seus artigos 16 e 17, respectivamente.

A Orde do 6 de outubro de 1995 regúlanse as adaptacións do currículo común para os alumnos e alumnas que o precisen. Igualmente, nas distintas disposicións que aproban e desenvolven o regulamento Orgánico dos centros educativos, regúlanse os compoñentes dos proxectos curriculares de etapa e establécense a incorporación neles de criterios e procedementos para organiza-la atención á diversidade dos alumnos e alumnas en función de cada contexto educativo.

Pola súa parte, o Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, regula a atención educativa para este alumnado e o Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia, así como a Orde do 24 de xullo de 1998 que o desenvolve, crean recursos e establecen funcións para que dende os servizos de orientación da Comunidade Autónoma de Galicia se preste atención á diversidade de todo o alumnado, tanto con necesidades educativas especiais como ordinario.

## **2.-A RESPOSTA Á DIVERSIDADE DO ALUMNO.**

As formas de atender á diversidade de capacidades, intereses e motivacións do noso alumnado é unha responsabilidade colectiva que implica a toda a comunidade educativa, e de maneira máis específica ó sector docente.

As medidas de atención á diversidade deben iniciarse na elección dun currículo propio do centro a través do proxecto educativo, un proxecto curricular e a programación de aula pensados para facilita-la resposta máis adecuada ás diferencias individuais.

### **2.1.-ATENCIÓN A DIVERSIDADE NOS DISTINTOS NIVEIS DE CONCRECIÓN.**

A atención a diversidade adopta formas diferentes segundo nivel de concreción curricular no que nos atopemos.

#### **\* No Decreto Curricular:**

- No seu carácter aberto e flexible.
- No equilibrio entre os diferentes tipos de contidos e o seu grao de adquisición.
- No equilibrio no desenvolvemento das distintas capacidades.
- Nos principios metodolóxicos.
- Na avaliación.
- Na optatividade crecente o longo da etapa.

**\* No proxecto curricular:**

- Na adecuación dos obxectivos da etapa ás características e posibilidades de cada alumno.
- Nas programacións das distintas áreas.
- Nas medidas de atención a diversidade.
- Nas materias optativas propostas.
- No Plan de Acción tutorial e no Plan de Orientación Académica e Profesional.

**\* Na aula:**

- Na selección, organización e secuenciación dos contidos.
- No deseño das estratexias didácticas.
- Nos procedementos de avaliación.
- Nas adaptacións ordinarias do currículo.

**2.2.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE NO PROXECTO CURRICULAR DE ETAPA.**

O Proxecto Curricular de Etapa é un documento fundamental que condicionará tódalas medidas posteriores de atención á diversidade, por eso propoñemos como eixes centrais da elaboración do noso PCE:

## **A) REFERIDAS ÓS OBXECTIVOS:**

1.- Defini-los obxectivos como capacidades, o que implica utiliza-los como guías para o ensino e referencias para a observación e avaliación dos proceso de aprendizaxe e non como metas a superar.

\_\_\_\_\_2.- Contemplan que os obxectivos desenvolvan de maneira equilibrada as capacidades motrices, de equilibrio persoal, de relación interpersonal e de inserción social ó mesmo nivel e coa mesma valoración e intensidade que as correspondentes capacidades cognitivas.

3.- Prioriza-los obxectivos que contribúen a desenvolver as capacidades transversais a todas ou á maioría das áreas.

4.- Adecua-los obxectivos ó contexto no que se desenvolve o noso alumnado.

## **\_\_\_\_\_B) REFERIDAS ÓS CONTIDOS:**

\_\_\_\_\_1.- Seleccionar contidos nucleares e fundamentais que sexan aplicables e útiles en tódalas áreas e en tódolos ciclos da etapa.

2.- Asegurarse que nos bloques de contidos existe unha distribución equilibrada entre os tres tipos de contidos (conceptuais, procedementais e actitudinais).

3.- Garanti-la coherencia interdisciplinar, no tempo e na forma de trata-los diferentes contidos.

## **C) REFERIDAS Á METODOLOXÍA:**

1.- Asegura-la construción de aprendizaxes significativas partindo do nivel de desenvolvemento e dos coñecementos previos do alumno (tal como se di no PCC do noso

*IES: o profesorado deberá facer avaliacións iniciais ó comezo do curso, e se é necesario, ó comezo dalgunhas unidades didácticas.)*

2.- Fomenta-la capacidade de “aprender a aprender”...

#### **D) REFERIDAS Á AVALIACIÓN:**

1.- Avalia-los tres tipos de contidos.

2.- Utilizar estratexias e instrumentos de avaliación para os diferentes momentos do proceso de aprendizaxe, que recollan de forma cualitativa os resultados e fomenten a autoavaliación do alumnado. Cada Departamento debería definir as conductas observables a través das cales podemos dicir que un alumno/a acadou as capacidades que se enumeran nos distintos obxectivos programados.

3.- Definir claramente os criterios de avaliación e de cualificación.

### **3.- MEDIDAS DE ACTUACIÓN.**

As medidas de actuación no I.E.S. Guitiriz, concretaranse no Plano de Atención a Diversidade, que debe ter como obxectivo fundamental previr a aparición de alumnos e alumnas con fracaso escolar, pero tamén serán medidas que permiten intervir no momento en que aparecen os problemas.

Unhas medidas son xerais e outras son concretas, unhas competen ós Departamentos e outras ós profesores dentro da súa aula, unhas son de asesoramento e outras de aplicación directa por parte do Departamento de Orientación, pero todas elas teñen en común:

- Deben ser debatidas na Comisión de Coordinación Pedagóxica e aprobadas polo Claustro de Profesores.
- Deben ser impulsadas e coordinadas polo Departamento de Orientación.
- Unha vez aprobadas pasan a formar parte do Proxecto Curricular da Etapa.

#### **3.1.- MEDIDAS XERAIS DE RESPONSA A DIVERSIDADE:**

- A Comisión de Coordinación Pedagóxica asegurarse de que as programacións das respectivas áreas se elaboren de acordo ós criterios recollidos no proxecto Curricular da etapa.
- Secuenciación dos obxectivos xerais da área e bloques de contidos mínimos.

- Diferenciación de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais.
  
- Criterios de avaliación finais consensuados en función dos contidos e actividades desenroladas. Posta en común e forma de levar a cabo a avaliación continua e formativa.
  
- Recomendacións sobre o deseño de unidades didácticas que teñan en conta a atención a alumnos con necesidades educativas , como son:
  - \* Avaliación inicial para partir dos coñecementos previos dos alumnos.
  
  - \* Actividades diversas graduadas en distintas dificultades, que vaian do máis simple o máis complexo, para aplicar tanto de forma individual como en equipo.
  
  - \* Que centren máis atención no proceso que no resultado.
  
  - \* Posta en común ó finalizar a unidade didáctica para recapitular e repasar o aprendido.
  
  - \* Dar a coñecer os criterios de avaliación.

### 3.2.- MEDIDAS CONCRETAS DE RESPONSA A DIVERSIDADE .

#### 3.2.1.- **MEDIDAS CURRICULARES.**

##### 3.2.1.1.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL:

En consonancia co currículo aberto e flexible, entendemos que os elementos curriculares contidos na acción titorial tamén deben ter un carácter aberto e flexible.

O decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento Orgánico dos IES, establece as funcións relacionadas coa acción titorial que corresponden o Xefe de Estudos, o Departamento de Orientación e os titores. O P.A.T aprobado no P.C.C. do IES Guitiriz define as funcións e as actividades a levar a cabo por parte dos titores cos alumnos, con outros profesores, cos pais e co equipo directivo.

O departamento de orientación debe de elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola CCP, as propostas de organización da orientación e do plano de acción titorial (Art. 55-a do Regulamento Orgánico dos IES), tamén debe asesorar e apoiar ó profesorado no desempeño da función,....Así como ofrecerlles soporte técnico para o desenvolvemento destes plans (segundo PCC do Centro).

Co fin de evitar que a acción titorial se leve a cabo por iniciativas illadas procurárase en reunións periódicas co Xefe de Estudos e o Departamento de Orientación que esta programación se faga no marco de obxectivos comúns.

O inicio do curso o Departamento de Orientación acordará cos titores os bloques de programación (que incluírán as principais liñas de actuación que os titores desenvolverán cos alumnos/as de cada grupo), e ofrecerá para cada etapa unha programación titorial marco.

### 3.2.1.2.- MEDIDAS INDIVIDUAIS DE ADAPTACIÓN DO CURRÍCULO.

#### \* **REFORZO EDUCATIVO:**

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención a diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo; é dicir a todo o que conforma a opción metodolóxica de cada profesor.

O **Reforzo Educativo** (seguindo as directrices da Orde do 6 de outubro de 1995; pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral), centrarase no desenvolvemento das capacidades cognitivas (*Atención, concentración, comprensión e memoria*).

#### \* **ADAPTACIÓN CURRICULAR INDIVIDUALIZADA:**

A adaptación curricular individualizada (ACI) é unha medida extraordinaria de atención a diversidade que levamos a cabo con alumnos/as de necesidades educativas especiais. Nesta proposta introdúcense modificacións significativas nos elementos prescritivos do currículo común (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) e pode afectar a unha, a varias ou tódalas áreas.

A avaliación psicopedagóxica será, sempre, unha condición previa para a realización dunha ACI dun alumno/a. Esta avaliación será realizada polo Departamento de Orientación en colaboración co equipo de profesores.

<b>REFORZO EDUCATIVO (RE)</b> <b>(alumnos/as con DA)</b>	<b>ADAPTACIÓN CURRICULAR</b> <b>INDIVIDUALIZADA (ACI)</b>
<p><b>1º.-</b> É unha medida ordinaria de atención a diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo. Os elementos curriculares que se adaptarán son:</p> <p><b>* Obxectivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Priorizaranse uns fronte a outros, atendendo a criterios de funcionalidade.</li> <li>- Secuenciación.</li> </ul> <p><b>* Contidos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Priorización de áreas e bloques.</li> <li>- Priorización dun tipo de contidos (por ex., actitudes) fronte a outros.</li> <li>- Eliminación de contidos secundarios.</li> <li>- Modificación da secuencia.</li> </ul> <p><b>* Metodoloxía:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Modificación de agrupamentos previstos.</li> <li>- Modificación dos procedementos didácticos ordinarios.</li> <li>- Modificación das actividades alternativas e/ou complementarias.</li> <li>- Modificación do nivel de abstracción e/ou complexidade das actividades.</li> </ul> <p><b>* Avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Adaptación das técnicas e instrumentos de avaliación.</li> </ul> <p><b>* Tempos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Modificación da temporalización prevista para unha determinada aprendizaxe ou varias</li> </ul> <p><b>2º.-</b> O lugar de recuperación do problema debe ser a aula ordinaria, salvo casos excepcionais, coa colaboración da profesora de P.T. e o asesoramento do D. de Orientación ( A orde do 6/10/95 di que as medidas de reforzo levaranse a cabo no contexto ordinario e polo profesor da área en colaboración con outros profesionais).</p> <p><b>3º.-</b> O profesor/a de área poñerá en coñecemento do titor/a os alumnos con R.E. na súa área, este comunicarllo ó Equipo Directivo e a familia do alumno/a.</p> <p><b>4º.-</b> As medidas de R.E. reflectiranse no expediente académico do alumno/a como RE, faranse constar cun comentario no informe correspondente ás familias e non terán constancia no libro de escolaridade.</p>	<p><b>1.-</b> A ACI é unha medida extraordinaria de atención a diversidade que levamos a cabo con alumnos/as de NEE. Nesta proposta introdúcese modificacións significativas nos elementos prescritivos do currículo común (obxectivos, contidos e criterios de avaliación), que poden ser reducidos, suprimidos, modificados, complementados ou ampliados.</p> <p><b>2º.-</b> Decidirase a ACI dun alumno/a unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa (Orde do 6/10/95).</p> <p><b>3º.-</b> O referente serán os obxectivos xerais de etapa concretados no PCC para cada ciclo ou no 2º ciclo da ESO para cada curso.</p> <p>Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro ciclo ou etapa distinto da que curse o alumno.</p> <p><b>4º.-</b> O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor/a que imparte a área ou materia ó alumno/a , coa colaboración do departamento didáctico, da profesora de apoio, e co asesoramento do departamento de orientación.</p> <p><b>5º.-</b> Terán unha duración mínima dun ciclo educativo, agás no 2º ciclo da ESO que poderán ser dun curso.</p> <p><b>6º.-</b> Necesita autorización da Inspección Educativa, reflectirase como AC no expediente académico do alumno/a, no libro de escolaridade e no informe ós pais.</p> <p><b>7º.-</b> As ACI revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ó remate de cada curso. Valorarase a adecuación da ACI, os obxectivos acadados, ...</p>

### 3.2.1.3.- OPTATIVIDADE:

As materias optativas ofertadas axudan a consecución das capacidades básicas e promoven os obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria.

A través da acción tutorial do centro axudaráselle ó alumnado no autocoñecemento, no coñecemento das posibilidades de formación e nos distintos itinerarios formativos que oferta o centro para que estes poidan elixir responsablemente.

Dende o departamento de orientación colaborarase co Equipo Directivo e cos distintos Departamentos para que:

- Exista unha oferta equilibrada.
- Que estas optativas reforcen os aspectos máis funcionais do currículo.
- Que faciliten a transición á vida activa.
- Que, si é posible, estean enfocadas a talleres de Iniciación Profesional.
- Que completen aqueles obxectivos non suficientemente cubertos polas áreas curriculares.

### 3.2.2.- **MEDIDAS ORGANIZATIVAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Os agrupamentos específicos, os programas de diversificación curricular e os programas de ciclo adaptado, son outras medidas de atención a diversidade que nos permiten afondar na adaptación do currículo básico na etapa da E.S.O. para alumnos con dificultades de aprendizaxe, e que teñen posibilidades de acadalos obxectivos educativos mínimos da devandita etapa educativa.

### **\* Agrupamentos específicos:**

Son unha medida de apoio ordinario ás aprendizaxe básicas. Están destinados a alumnos/as escolarizados no primeiro ciclo da ESO e que presentan atraso académico xeneralizado ou que tendo cursado o primeiro ciclo non alcanzaran os obxectivos mínimos e que esta medida organizativa de atención a diversidade se considere esencial para garanti-la eficacia da súa permanencia un ano máis no ciclo. Tamén poden estar escolarizados no segundo ciclo da ESO e non teñan máis de 16 anos, ou excepcionalmente, aqueles para os que, aínda tendo esta idade, esta medida se considere a máis apropiada.

Os agrupamentos específicos poderán facerse nunha das áreas de Lingua e Literatura, e en Matemáticas, así como en Ciencias da natureza e en Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.

Os alumnos propostos para cursar algunha áreas en grupos específicos deberán contar cun informe individualizado elaborado polo profesor titor, en colaboración co departamento de orientación. O remate do curso escolar elaborárase outro informe individualizado de cada alumno de agrupamento específico, no que indicará a efectividade desta medida, así como a proposta sobre a continuidade ou non dela.

Os pais deberán estar informados a través do profesor titor correspondente.

---

---

## PROPOSTA AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS

### *Informe individualizado*

IES GUITIRIZ

CURSO:

---

---

### DATOS PERSOAIS

---

*ALUMNO/A:*

---

*IDADE:*

---

*CURSO:*

---

### DATOS ACADÉMICOS

<b>MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<i>Curso que repite, medidas reforzo etc.</i>
<b>NIVEL DE COMPETENCIA CURRICULAR</b>	<i>O nivel de competencia curricular e significativamente inferior ó do grupo de referencia.(Expresión oral, escrita, comprensión, matemáticas, CCNN, CCSS).</i>
<b>DIFICULTADES DE APRENDIZAXE</b>	<i>Coñecementos previos, razoamento, comprensión, lectura, escritura, atención...</i>
<b>COMPORTAMENTO/ ACTITUDE/ ADAPTACIÓN PERSOAL -ESCOLAR</b>	<i>Actitude, autonomía, interese, esforzo, seguridade, etc.</i>

### RAZÓNS QUE XUSTIFICAN A PROPOSTA:

**Asdo. O titor/a**

<b>RAZÓNS QUE XUSTIFICAN A PROPOSTA DO ALUMNO/A PARA OS AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS</b>	
A	Non cumpre as condicións para acceder a un programa de diversificación curricular: non ten a idade requerida de 16 anos ó cursar o 1º ciclo da E.S.O.
B	Non presenta problemas conductuais graves.
C	Presenta atraso xeneralizado na maioría das áreas curriculares, precisando apoio específico nas áreas instrumentais e nas áreas de CCNN, CCSS e lingua Estranxeira.
D	Non acadou os obxectivos mínimos da Educación primaria.
E	Non acada os obxectivos mínimos do 1º ciclo da ESO.
F	A medida ordinaria de atención a diversidade adoptada ata o momento (reforzo educativo) non deu resultado.
G	Presenta unha actitude positiva diante das tarefas escolares (traballa con regularidade e esforzase).
H	A necesidade de favorecer o éxito, incidindo así na mellora da autoestima e na motivación do alumno que dificilmente pode seguir o ritmo de traballo da aula ordinaria.
I	A medida de repetición de curso xunto co agrupamento específico considerase unha alternativa máis eficaz que a promoción de curso coa adaptación curricular oportuna.

### **\* Os programas de diversificación curricular:**

Estes programas son unha medida extraordinaria de adaptación curricular recoñecida xa no artigo 23.1 da LOXSE e están regulados por distintas normas que se derivan da mesma. Nestas disposicións legais establécese a finalidade destes programas, o tipo de alumnado o que van dirixidos e os procedementos que se han de seguir para súa elaboración, o nivel educativo no que se deben aplicar e a súa duración, as áreas curriculares que abranguen, fórmulas para o seu seguimento e avaliación, etc.

Os criterios de selección do alumnado propostos para un PDC serán acordados a partir das directrices xerais establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e mediante reunións do Equipo Docente do 2º Ciclo da ESO. Axustándose sempre ó marco legislativo vixente (sobre todo á Orde do 19 de maio de 1997, pola que se regulan os Programas de Diversificación Curricular na nosa Comunidade Autónoma).

O proceso a seguir para levar a cabo estes programas reclama a configuración dun auténtico equipo educativo que se responsabilice da toma de decisións tanto na xestión dos mesmos como na avaliación do aproveitamento dos alumnos.

### **\* Programas de Ciclo adaptado.**

Trátase dunha medida extraordinaria de atención á diversidade que vai dirixida exclusivamente á atención do alumnado no que conflúen, ademais dun atraso académico xeneralizado, problemas graves de conducta e convivencia no centro.

## *OUTRAS MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE*

### **Programa de Garantía Social.**

E unha medida extraordinaria de atención a diversidade para alumnos maiores de dezaseis anos que non acadaron ou non estean en condicións de acadar os obxectivos xerais da E.S.O.

Poderán incorporarse os xoves menores de vinteún que, polo menos cumpran 16 anos no ano natural no que comeza o programa e que non alcanzaran os obxectivos da educación secundaria obrigatoria nin posúan titulación ningunha de formación profesional.

Para incorporar a alumnos/as que estean escolarizados no segundo ciclo da ESO terase en conta as seguintes circunstancias:

- Que teñan dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, ata tal punto que lle impidan acadar os obxectivos da etapa.
- Que recibisen medidas complementarias de adaptación do currículo e que a xuízo do equipo educativo que os atende, non estean en condicións de acadar os obxectivos da etapa pola vía ordinaria.
- Que estean en grave risco de abandono escolar.

No caso dos alumnos escolarizados no segundo ciclo da ESO, o acceso ós programas de Garantía Social realizarase logo da avaliación psicopedagóxica, oídos os alumnos e os seus pais ou tutores legais.

#### **4.- ATENCIÓN ÓS ALUMNOS/AS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.**

A atención educativa a alumnos/as con necesidades educativas especiais estará integrada na actividade normal da aula e será responsabilidade do profesor de cada área. O profesor titor será o responsable de coordina-las medidas de atención ós alumnos/as con N.E.E. do seu grupo de titoría.

Para o cumprimento destas funcións tanto o profesor de área como o profesor titor, contarán co apoio e asesoramento do Departamento de Orientación, especialmente do profesor/a de Pedagogía Terapéutica e da profesora de Psicoloxía e Pedagogía.

Os profesores e profesoras que reciban algún tipo de apoio na atención ós seus alumnos estableceran un horario de coordinación co D.O. para a programación, seguimento e avaliación destas actividades.

##### **4.1.- OBXECTIVOS.**

- \* Asegura-la conexión, para os alumnos/as que chegan á etapa, coa atención educativa que recibían anteriormente.
- \* Contribuír a elabora-la programación curricular adaptada ou diversificada.
- \* Axudar ó desenvolvemento, pleno, dos nenos/as como seres sociais, co fin de que poidan adquirir unha autonomía de acción no seu medio.
- \* Integrar ó alumno/a en tódalas parcelas que non lle impida a súa *diminución* ou inadaptación.
- \* Favorecer as aprendizaxes necesarias para integrase na sociedade de forma crítica e creativa.
- \* Adquirir as aprendizaxes básicas relativas a: “expresión oral”, “Escritura “, “lectura”...

#### 4.2.- PAUTAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN.

1ª. As intervencións cos alumnos/as con NEE., rexeranse polo principio de normalización e tenderán á máxima integración posible.

- Currículo normal, ata onde sexa posible.
- Aula ordinaria como referencia.
- Titor como eixe.

2ª. Identificación e valoración das NEE., por profesionais cualificados.

- Valoración psicopedagóxica funcional.
- Con carácter interdisciplinar.
- que se oriente a formulación de plans ou programas de intervención.

3ª. A atención educativa comezará tan pronto como se aprecien circunstancias que aconsellen tal atención, calquera que sexa a súa idade.

4ª.- Favorecerase a participación dos pais e titores nas decisións que afecten os alumnos con NEE.

5ª.- O profesor titor, coa colaboración da orientadora, informará ás familias sobre as medidas que se van a levar a cabo co seu fillo/a.

#### 4.3.- IDENTIFICACIÓN DOS ALUMNOS CON N.E.E:

Esta identificación farase a través de:

\* Revisión do expediente académico.

\* Levarase a cabo unha avaliación inicial, por grupos, a finais do mes de outubro onde se valoraran aqueles alumnos/as que presenten:

- Baixo rendemento académico.

- Problemas graves de conducta.

- Problemas de relación.

\* A orientadora, en colaboración co profesor/a titor/a e si é necesario con tódolos profesores implicados na educación do alumno/a, realizará a avaliación psicopedagóxica de tódolos alumnos/as que presenten NEE. A partir desta valoración (nunha reunión conxunta: Xefa de Estudos, Orientadora, Titor e Profesores das áreas) decidírase a medida máis adecuada para este alumno/a.

#### 4.4.- INTERVENCIÓN DO D.O. NO CASO DE ALUMNOS/AS CON N.E.E.

O D.O. pode intervir nas decisións educativas de alumnos con NEE de dúas maneiras:

1.- Por iniciativa do propio D.O. cando se detecten NEE a través da análise do expediente académico do alumno/a, no desenvolvemento de actividades programadas polo DO, nas avaliacións iniciais ou a través de programas de detección de NEE.

2.- Por iniciativa do profesorado de área, do titor ou do equipo docente. Neste caso a demanda canalízase a través do titor/a ou do propio profesor da área correspondente.

A colaboración do profesor/a de PT será programada en función das necesidades do Centro e de cada aula.

\* As medidas de apoio irán dende as máis xerais ás máis particulares.

#### 1º.- Apoio indirecto:

- Apoio no deseño de unidades didácticas que permitan atender á diversidade de alumnos da aula. Asesoramento sobre as medidas xerais de atención á diversidade.
- Apoio no deseño de medidas específicas de atención a alumnos/as con NEE (Reforzo Educativo, A.C.I.).
- Adaptación de materiais. Adaptacións dos materiais de aula ás necesidades dos alumnos/as con NEE.

#### 2º.- Apoio directo:

A colaboración do profesor o profesora de PT na atención a alumnos/as con necesidades educativas terá as seguintes características:

- É unha labor de apoio que non pode substituír en ningún caso a responsabilidade do profesor ou profesora.
- Realizarase preferentemente dentro da aula ordinaria e estará orientada a que tódolos alumnos participen no grao máis alto posible nas actividades ordinarias de ensino-aprendizaxe.
- O profesor/a de apoio programará co profesor/a de área as actividades de apoio directo. Poderá revestilas seguintes formas:

- \* Colaborar na atención educativa en agrupamentos flexibles.
- \* Colaboración na atención xeral ás actividades da aula.

\* Atención a grupos de alumnos que presenten algunha dificultade, sexan ou non considerados de NEE.

- Realiza-las actividades programadas co alumnado de NEE fora da aula. Cando as necesidades educativas dun alumno/a lle impidan participar aínda que sexan nun grao mínimo das actividades da aula ordinaria nunha ou varias áreas, poderán programarse sesións apoio individual ou en pequeno grupo fora da súa aula ordinaria. Esta decisión tomarase por consenso entre a Orientadora, o profesor/a de P.T. e o profesor ou profesora de área.

## **8.2 MATERIAS OPTATIVAS OFERTADAS E ITINERARIOS EDUCATIVOS**

### **OPTATIVAS PARA 1º E 2º DE E.S.O.**

En 1º e 2º de E.S.O. o Centro oferta como optativas:

- Segunda lingua estranxeira: Francés
- Obradoiro de matemáticas
- Obradoiro de Comunicación Oral

O alumno cursará unha das anteriores e debe cursala mesma nos dous cursos (1º e 2º). Non pode cambiar de optativa.

### **OPTATIVAS PARA 3º DA E.S.O.**

En 3º de E.S.O. o Centro oferta como optativas:

- Segunda Lingua Estranxeira: Francés
- Cultura Clásica
- Técnicas de Expresión Escrita
- Iniciación á Tecnoloxía Informática

O alumno deberá elixir unha

### **OPTATIVAS E ITINERARIOS PARA 4º DA E.S.O.**

A adopción do sistema de itinerarios en materias nas que o alumnado pode exercer-lo dereito a opción ven xustificado por dúas razóns fundamentais:

- Unha elección coherente por parte do alumnado que lle permita orientar de xeito racional o seu currículo.
- A racionalización dos medios materiais, humanos e de espazos de que dispón o Centro.

## **ITINERARIO A**

Materias troncais (elección abrigada):

- ❑ Bioloxía e Xeoloxía
- ❑ Física e Química

Materias optativas (elixir dúas de entre as seguintes):

- ❑ Ciencias Medioambientais e da saúde
- ❑ Segundo Idioma
- ❑ Educación Plástica e Visual
- ❑ Tecnoloxía
- ❑ Iniciación á Mecánica
- ❑ Cultura Clásica
- ❑ Música

## **ITINERARIO B**

Materias troncais (elixir dúas de entre as tres seguintes):

- Música
- Tecnoloxía
- Ed. Plástica e Visual

Materias optativas (elixir dúas de entre as seguintes, de modo que non se poderá elixir como optativa unha que xa se elixiu como troncal):

- Ciencias Medioambientais e da Saúde
- Segundo Idioma
- Iniciación á Mecánica
- Cultura Clásica
- Tecnoloxía
- Educación Plástica e Visual
- Música

## OPTATIVAS E ITINERARIOS PARA 1º DE BACHARELATO

<b>11 BACHARELATO</b>		
<b>Ciencias da natureza e da saúde</b>	<b>Humanidades e Ciencias Sociais</b>	
<p><b>Materias propias da modalidade:</b> (Cursaranse as dúas)</p> <p>9 Física e Química 9 Matemáticas I</p> <hr/> <p>(Elixir unha)</p> <p>9 Bioloxía e Xeoloxía 9 Debuxo Técnico I</p> <hr/> <p><b>Materias optativas:</b> (Cursarase unha)</p> <p>9 20 Lingua Estranxeira 9 Música I 9 Literatura Universal Contemporánea 9 Ética e filosofía do dereito 9 Economía 9 Bioloxía / Debuxo Técnico I</p>	<p style="text-align: center;">VÍA HUMANIDADES</p> <hr/> <p><b>Materias propias da modalidade:</b> (Cursaranse as tres)</p> <p>9 Grego I 9 Historia do Mundo Contemporáneo 9 Latín I</p> <hr/> <p><b>Materias optativas:</b> (Cursarase unha)</p> <p>9 20 Lingua Estranxeira I 9 Música I 9 Literatura Universal Contemporánea 9 Ética e filosofía do dereito 9 Economía 9 Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I</p>	<p style="text-align: center;">VÍA CIENCIAS SOCIAIS</p> <hr/> <p><b>Materias propias da modalidade:</b> (Cursaranse as tres)</p> <p>9 Economía 9 Historia do Mundo Contemporáneo 9 Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I</p> <hr/> <p><b>Materias optativas:</b> (Cursarase unha)</p> <p>9 20 Lingua Estranxeira I 9 Música I 9 Ética e filosofía do dereito 9 Literatura Universal Contemporánea 9 Grego I 9 Latín I</p>

## OPTATIVAS E ITINERARIOS PARA 2º DE BACHARELATO

21 BACHARELATO			
Ciencias da Natureza e da Saúde		Humanidades e Ciencias Sociais	
OPCIÓN A	OPCIÓN B	OPCIÓN A	OPCIÓN B
<p><b>Materias propias da modalidade:</b> ( Cursaranse as dúas) 9 Matemáticas II 9 Física</p> <p>( Elixir unha) 9 Debuxo Técnico 9 Bioloxía</p> <hr/> <p><b>Materias optativas:</b> ( Cursaranse dúas)</p> <p>9 20 Lingua Estranxeira II</p> <p>9 Música II</p> <p>9 Xeoloxía</p> <p>9 Métodos Estatísticos e Numéricos.</p> <p>9 Ciencias da Terra e Medio Ambiente</p> <p>9 Química</p> <p>9 Bioloxía / Debuxo Téc.</p> <p>9 Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía</p> <p>9 Economía e Organización de Empresas</p>	<p><b>Materias propias da modalidade:</b> ( Cursaranse as tres)</p> <p>9 Ciencias da Terra e Medio Ambiente 9 Química 9 Bioloxía</p> <hr/> <p><b>Materias optativas:</b> ( Cursaranse dúas)</p> <p>9 20 Lingua Estranxeira II</p> <p>9 Música II</p> <p>9 Xeoloxía</p> <p>9 Métodos Estatísticos e Numéricos.</p> <p>9 Matemáticas II</p> <p>9 Física</p> <p>9 Debuxo Técnico</p> <p>9 Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía</p> <p>9 Economía e Organización de Empresas</p>	<p>VÍA HUMANIDADES</p> <hr/> <p><b>Materias propias da modalidade:</b> (Cursaranse as tres)</p> <p>9 Historia da Filosofía 9 Historia da Arte 9 Latín II</p> <hr/> <p><b>Materias optativas:</b> ( Cursaranse dúas)</p> <p>9 20 Lingua Estranxeira II</p> <p>9 Música II</p> <p>9 Literatura Galega do século XX</p> <p>9 Historia e Xeografía de Galicia</p> <p>9 Literaturas Hispánicas</p> <p>9 Grego II</p> <p>9 Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II</p> <p>9 Xeografía</p> <p>9 Economía e Organización de Empresas</p>	<p>VÍA CIENCIAS SOCIAIS</p> <hr/> <p><b>Materias propias da modalidade:</b> (Cursaranse as tres)</p> <p>9 Xeografía 9 Economía e organización de empresas. 9 Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II</p> <hr/> <p><b>Materias optativas:</b> ( Cursaranse dúas)</p> <p>9 20 Lingua Estranxeira II</p> <p>9 Música II</p> <p>9 Historia e Xeografía de Galicia</p> <p>9 Introducción ás Ciencias Políticas e socioloxía</p> <p>9 Latín II</p> <p>9 Historia da Filosofía</p> <p>9 Historia da Arte</p> <p>9 Métodos Estadísticos e Numéricos</p>

## 8.3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NOS CICLOS

### FORMATIVOS

A flexibilidade e apertura dos nosos materiais didácticos posibilitarán a adaptación ás diferencias individuais dos alumnos, en especial a aqueles que presentan dificultades de aprendizaxe. Nembargantes, consideramos que os grupos-clase son máis homoxéneos que na ESO, tanto polo desenrolo psicoevolutivo dos alumnos/as, como polos coñecementos dos que parten.

Como vías concretas de actuación neste aspecto, podemos sinalalas seguintes:

- A exposición dos contidos segue unha orde de dificultade progresiva, tomando como punto de partida o máis cercan ó alumno. Por esta razón, non enfatizamos-lo aspecto formal senón que apostamos pola claridade na exposición e pola aplicación inmediata do aprendido.

- Abundan os cadros-resumes, que presentan de forma gráfica e atractiva unha síntese dos contidos desenrolados.

- As actividades resoltas teñen como obxectivo amosar ou exemplificar-la teoría exposta.

- As actividades de ensinanza-aprendizaxe, adáptanse ás distintas capacidades dun grupo-clase, segundo os coñecementos e desenrolo psicoevolutivo individuais. Unhas son de reforzo e outras de ampliación, dependendo da súa dificultade. Gran parte das actividades plantexadas teñen un carácter aberto, de maneira que admiten respostas diversas.

Ademais prestarase a atención necesaria á aprendizaxe individual de cada alumno e neste senso en cada unidade didáctica propoñeranse dous tipos de actividades de formación:

- Os alumnos/as que van acadando os obxectivos mínimos plantexados realizarán actividades de consolidación e perfeccionamento de coñecementos e capacidades.

- Os alumnos que non acaden os obxectivos didácticos plantexados realizarán actividades de recuperación que farán especial incidencia sobre os aspectos máis problemáticos.

Na sesión de avaliación o equipo docente do ciclo fixará, para cada un dos alumnos/as que non accedan á formación en centros de traballo, as condicións e actividades de recuperación que lle permitan acceder despois a unha avaliación e cualificación extraordinaria dos módulos ou requisitos pendentes. O alumno/a deberá ser informado das actividades de recuperación e do seu período de realización.

## **9.- CRITERIOS PARA AVALIAR E REVISAR-LOS PROCESOS DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE**

A avaliación constitúe unha práctica imprescindible en toda actividade planificada, xa que é a fase que ofrece información continua sobre o grao de cumprimento dos obxectivos e en última instancia dos resultados que se acadan.

O conxunto de valoracións na avaliación dun centro está relacionado cos rendementos dos alumnos, pero a avaliación dos centros non pode reducirse só a este aspecto.

Para ser eficaz, a acción educativa debe autocorrexirse de forma continua, regularse en si mesma en función das diferencias observadas entre o propósito que a guía e os puntos sucesivos acadados nos itinerarios que se acercan ou separan dese propósito. De feito, os procesos educativos non son posibles sen avaliación.

A avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe que pretendemos levar a cabo é unha avaliación interna, propia do centro. A externa como é lóxico, realizarana outros estamentos educativos, ben sexa a inspección ou calquera outro estamento no que recaia esa obriga.

A avaliación interna resulta importante porque:

- Permite reflexionar sobre o que se fai.
- Facilita a coordinación vertical e horizontal.
- Axuda a comprender-lo que acontece.
- Impulsa o diálogo e a participación.
- Permite tomar decisións racionais.
- Impide os solapamentos.

- Axuda a incidir sobre o que se considera sustancial e intensifica-lo esforzo no esencial.
- Permite corruxir erros.
- Fai gañar coherencia no equipo docente.
- Convertese nun exemplo para os alumnos.
- Axuda ó perfeccionamento do profesorado.

Faremos unha división desta avaliación en:

<b>Avaliación Inicial</b>	<b>Avaliación procesual</b>	<b>Avaliación final</b>
-Identificar	-Orientar e asesorar	-Cuantificar e analiza-los resultados obtidos ó longo do curso
-Sinalar carencias ou deficiencias	-Realimentar e reorientar	-Diagnostica-las causa do éxito ou fracaso escolar
-Servir de punto de partida	Servir de control	-Formular propostas de corrección e mellora
-Ser elemento de reflexión	-Avaliación continua e obxectiva	-Servir de información dos resultados obtidos
		-Servir para mellora.los seguintes procesos de programación e avaliación.

## *CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN INTERNA DO CENTRO:*

### *1. Profesorado:*

#### a) Suficiencia.

Horario promedio de docencia.

Disponibilidade horaria para a atención de programas educativos.

Disponibilidade horaria para actividades complementarias co alumnado.

#### b) Dedicación.

Faltas de asistencia

Manifestación de disponibilidad para tarefas e actividades extraescolares.

#### c) Adaptación ó Centro.

Comparten a práctica educativa do Proxecto de Centro.

Traballan en equipo frecuentemente.

A estabilidade é alta ou baixa.

#### d) Motivación

Realizan actividades de perfeccionamento.

Experimentan e renovan os seus métodos de traballo.

Promoven e realizan actividades colectivas.

Existen boas expectativas en canto a rendemento dos alumnos/as.

### *2. Alumnado*

#### a) Nivel sociocultural: renda familiar e nivel de estudos dos pais.

Porcentaxe de alumnos/as doutras comunidades ou países.

Alumnos de transporte.

Alumnos con tempo de transporte superior a 30 minutos.

Predisposición de cara ó Centro.

Non se observan casos de rexeitamento (ou son moi raros) pola comunidade escolar.

Manifestan un aceptable grao de satisfacción co proceso educativo e co trato dos profesores.

Confían na utilidade da súa aprendizaxe.

Participan activamente en procesos electorais de representantes y vitalizan asociacións de alumnos.

b) Porcentaxe de alumnos/as que acadan os obxectivos de ciclo ou curso.

Alumnos/as integrados e dificultades de recuperación graves.

Alumnos/as con ritmo de aprendizaxe por riba da media.

Rendementos do curso anterior.

Números de alumnos/as que requiriron especiais esforzos educativos.

Número de repetidores/as.

Taxa de abandonos e/ou absentismos.

Conflictos disciplinarios.

### ***3. Funcionamento dos órganos de coordinación didáctica***

O xefe/a do órgano de coordinación toma a iniciativa de convocar ós membros nas datas prefixadas.

O profesorado asiste ás reunións.

Participa o profesorado activamente e de forma innovadora.

O/a xefe/a coordina o desenrolo de obxectivos e actividades previstas.

O profesorado colabora na selección das tarefas para acadar los obxectivos do Centro.

O profesorado determina o material didáctico que consideran máis axeitado.

O/a xefe/a realiza o seguimento dos acordos e programas propostos e analiza a súa adecuación e idoneidade.

#### ***4. Desenrolo dos Contidos mínimos***

Especifícanse os contidos mínimos.

Inclúen non so conceptos, senón tamén procedementos, actitudes, valores e normas.

Adáptanse ó nivel madurativo dos alumnos/as.

Adecúanse no posible ó entorno xeográfico, social e cultural.

Pode evidenciarse a continuidade e progresión dos contidos.

Comprobase a nivel de Centro e coordinase a progresión de contidos para evitar lagoas e solapamentos.

#### ***5. Desenrolo de actividades de aprendizaxe***

Compróbase que corresponden a obxectivos concretos.

Desenrólanse de acordo coas necesidades e intereses dos alumnos/as.

Tense en conta a fatiga escolar.

Adecúanse no posible ó entorno xeográfico, social e cultural.

Desenrólanse de acordo cos criterios establecidos na planificación do órgano de coordinación didáctica correspondente.

Realízanse agrupamentos flexibles de alumnos/as.

Son postas en práctica de forma variada.

#### ***6. Coordinación das tarefas para realizar na casa***

Teñen relación directa co traballo escolar realizado.

Serven de complemento, ampliación, reforzamento ou recuperación.

Son motivadoras e axeitadas para a idade.

Son escoitada-las reclamacións de alumnos/as e familiares.

### ***7. Desenrolo de actividades complementarias e extraescolares***

Desenrólanse visitas, viaxes, actividades culturais, deportivas, recreativas, intercambios sós ou en colaboración con outros Centros ou institucións do entorno.

Participan familiares, alumnos/as e profesores no seu desenrolo.

Asígnanse os recursos necesarios para a súa realización.

Desígnanse responsables ou coordinadores.

Lévase a cabo o seguimento da súa realización.

Son aprobadas previamente polo C.E. e supervísaaas na súa realización.

Os alumnos/as responden positivamente ante as actividades programadas.

### ***8. Coordinación da metodoloxía axeitada***

Desenrólase unha metodoloxía activa e participativa.

Aplícase unha metodoloxía non discriminatoria en función do sexo, raza ou relixión potenciando a participación do alumnado en todo tipo de actividades e evitando a asignación de tarefas diferenciadas e a utilización de materiais didácticos que determinen actividades discriminatorias.

Coordínase a aplicación dos deseños metodolóxicos realizados en cada área.

Realízanse comprobacións periódicas sobre o cumprimento de deseños metodolóxicos.

### ***9. Práctica da avaliación continua e cualificación obxectiva***

Tódolos profesores/as coñecen os criterios que deben utilizar na avaliación e cualificación dos seus alumnos/as.

Coordínase a aplicación do establecido no PCC sobre avaliación continua e cualificación obxectiva.

Comunícanseles ós alumnos/as os criterios cos que van ser avaliados e cualificados.

Comunícanseles ós pais/nais os criterios cos que van ser avaliados e cualificados os seus fillos/as.

Utilízanse instrumentos concretos de acordo co plan de avaliación.

Os instrumentos que se utilizan son variados e axeitados ás materias e ós alumnos/as.

Celébranse as sesións de avaliación establecidas.

As reclamacións verbais son atendidas.

Resólvense as reclamacións escritas.

### ***10. Desenrolo de adaptacións curriculares e programas de diversificación***

Os equipos educativos determinan o tipo de necesidades e as medidas a adoptar.

Responden ás necesidades dos alumnos/as.

Son apropiados para os intereses do alumnado.

Poden desenrolarse mantendo a integración do alumno no grupo clase.

Son motivadoras e facilitan un traballo participativo do alumnado.

Prevense a metodoloxía e os recursos máis idóneos para a súa aplicación.

Avalíanse os resultados de modo específico.

Realízase o seguimento polo profesor, titor e/ou Departamento de Orientación.

Acádanse os obxectivos de ciclo ou curso mediante o seu desenrolo.

### ***11. Desenrolo de actividades de recuperación***

Coordínase a aplicación dos criterios establecidos no Centro sobre actividades de recuperación.

Facilítanse os posibles agrupamentos flexibles de alumnos/as para que sexa posible a recuperación.

Facilítanse os medios necesarios para a recuperación dos alumnos/as.

Compróbase que nas recuperacións establecidas aplícanse estratexias didácticas individuais e distintas das habituais.

### ***12. Realización de actividades de tutoría***

Coñece os posibles problemas dos alumnos/as.

Coñece os intereses académicos ou profesionais dos alumnos/as.

Realízanse as reunións periódicas establecidas.

Organiza e preside as sesións de avaliación do grupo.

Cumprimenta a documentación administrativo-pedagóxica dos seus alumnos/as.

Colabora co Departamento de Orientación.

Recibe ás familias na hora consignada ó efecto.

### ***13. Actividades de Orientación***

Promociónase a participación da Comunidade Educativa na orientación.

Coordínanse os criterios e directrices sobre o desenrolo da orientación do Centro.

Existe un seguimento sobre o cumprimento da orientación académica e profesional.

### ***14. Asistencia de alumnos/as***

Lévase a cabo un rexistro da asistencia dos alumnos/as do Centro.

Aplícase algún sistema de notificación rápida ás familias.

Resólvense as ausencias inxustificadas dos alumnos/as de acordo co establecido no

R.R.I.

### ***15. Dificultades detectadas***

Na coordinación do profesorado.

Nos procedementos de avaliación.

Na orientación e titoría de alumnos/as.

### ***16. Resultados***

Porcentaxe de aprobados e suspensos por cursos, ciclos, áreas ou disciplinas.

Porcentaxe de promocións e repeticións.

Porcentaxe de títulos e certificados ó final de ciclos e niveis.

Resultados en programas específicos: integración, recuperación, reforzo....

Resultados en obxectivos xerais do Centro.

### ***17. Análise dos resultados***

Interpretación dos resultados con referencia ó PCC e ós puntos anteriormente descritos.

Comparación dos resultados con cursos anteriores.

Análise dos resultados referidos a técnicas instrumentais (lectura, escritura, cálculo,...)

Relación entre resultados e tempo real de aprendizaxe.

Outras análises.

### ***18. Relacións entre profesores/as e alumnos/as***

Os profesores séntense libres para comentar temas importantes relativos ó Centro.

Existe unha crítica constructiva.

Os profesores son responsables do que sucede no Centro.

Hai canles claras de información.

O profesorado participa nas decisións que afectan ó seu traballo.

Existe confianza entre alumnos/as e profesorado.

O alumnado síntese libre para comentar temas relativos á clase e ó Centro.

Existe unha crítica constructiva por parte do alumnado e esta é captada polo profesorado e polo Equipo Directivo.

O comportamento do alumnado é favorable ó proceso formativo-instructivo.

O alumnado e as súas familias séntense identificados e satisfeitos de pertencer ó Centro.

O alumnado síntese responsable do seu traballo.

O alumnado síntese suficientemente informado.

O alumnado participa nas decisións que repercuten na organización dos seus estudos e actividades.

Existe unha participación efectiva no C.E e X. De D. etc.

### ***19. Seguimento de ex - alumnos/as***

Resultados obtidos por exalumnos/as.

Dificultades de adaptación ós outros centros e niveis.

Porcentaxe de éxitos académicos.

Porcentaxe e resultados profesionais.

Grao de satisfacción respecto á preparación recibida no Centro.